

GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

HISTORIA DA EURORREXIÓN



Edición: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular
Dirección e redacción: Víctor Rodríguez Muñiz
Redacción: José Paulo Almeida Francisco
Traducción: Rosetta Traducción, Interpretación e Servicios Lingüísticos, S.L.L.
Ilustración: Daniel Correia, Daniel Docampo, Martim Cordovil e Norberto Fernández
Maquetación: Norberto Fernández
Coordinación: Departamento de Programas e Cooperación
Impresión: Rodi Artes Gráficas, S.L.
ISBN: Formato impreso: 978-9879-9266-25-4
Formato dixital: 978-989-9266-26-1
Depósito Legal: Galicia - Norte de Portugal - Historia da Eurorrexión - DL VG 215-2026

Esta publicación foi cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. As opinións son responsabilidade exclusiva do autor que as emite.



GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

HISTORIA DA EUORREXIÓN





A historia é o que somos a través de saber o que fomos. E só grazas a súa coñecemento poderemos afrontar o que seremos. Di un vello dito que os pobos que esquecen a súa historia están condenados a repetila; Dito que se aplica ás partes máis negativas da historia. Nós creemos que os pobos que esquecen a súa historia están condenados a perder a súa identidade. Por tanto, o coñecemento da nosa historia en común é fundamental para dotar de contido o proxecto europeo que chamamos Eurorrexión.

Proxecto que ademais, paradoxos da historia, é circular. Comezou sendo Gallaecia co imperio romano e 20 séculos despois é Eurorrexión ca Unión Europea. En ambos casos eran as armas, vella tentación recorrente en Europa ó longo da historia, outros o estamos facendo pola forza do diálogo e o consenso, e por iso será un proxecto con máis permanencia no tempo.

Esta historia da que nos sentimos orgullosos, tanto no bo que se constituíu que foi moito, como na forma na que superamos o malo, debe ser coñecida polos cidadáns da Eurorrexión e moi especialmente polos sectores máis novos que constitúen o futuro da mesma. Por iso eliximos unha linguaxe que sendo accesible a todos, chega especialmente ós máis novo: a do cómic. Por iso contamos con historiadores e con debuxantes que fixeron un traballo non só extraordinario, senón tamén innovador porque probablemente sexa a primeira vez que se elabore un cómic sobre a historia dunha Eurorrexión. Esperamos que o disfrute.

Miguel Fernández - Presidente do Eixo Atlántico
Luís Nobre - Vice-presidente do Eixo Atlántico

I

DOS PRIMEIROS POBOADORES Á CHEGADA DO CRISTIANISMO (300.000 AC – 650)

**TEXTOS: VÍCTOR RODRÍGUEZ MUÑIZ
IMAXES: DANIEL DOCAMPO**



NALGÚN LUGAR DO VAL DO MIÑO, HAI
300.000 ANOS...



REPARADE EN
COMO SE FAL ASÍ O FÍO
É MÁIS CORTANTE.



DEAMOS UN SALTO NO TEMPO E NO ESPAZO. ESTAMOS NA
COVA DE EIRÓS (TRICASTELA, LUGO), HAI 50.000 ANOS:
UN GRUPO DE NEANDERTAIS AMPÁRASE DO FRÍO INTENSO
ARREDOR DUNHA CACHARELA. AQUÍ ABÉIRANSE, AQUÍ TALLAN
AS FERRAMENTAS, AQUÍ COIDAN DOS DOENTES.



XA É TEMPO
DE CONTAR A NOSA
HISTORIA...




V MILENIO A. C. OS XEOS DAS GLACIACIÓNS XA SE RETIRARAN E DEIXARAN PASO A TEMPERATURAS CÁLIDAS E UN TERRITORIO CUBERTO POR FRONDOSOS BOSQUES.

AS COMUNIDADES ASENTÁBANSE EN PEQUENAS ALDEAS DE CASAS CONSTRUÍDAS CON MADEIRA E ADOBE. É AGORA CANDO COMEZAN A AGRICULTURA E A GANDERÍA, AÍNDA QUE A CAZA E A RECOLECCIÓN CONTINUÉN SENDO UN COMPLEMENTO NECESARIO.



O AGOCHO DO BURACO DA PALA (SERRA DE PASSOS, MIRANDELA) VAI SER UN LUGAR SIMBÓLICO DE CULTO, UN SANTUARIO DO CAL NOS QUEDAN AS PINTURAS RUPESTRES.



EN CONTRASTE COA HUMILDADE DAS CASAS, OS ENTERRAMENTOS DESTES PERÍODO ERAN MONUMENTAIS E DESTINADOS A DURAR NO TEMPO: SON AS MÁMOAS. A SÚA CONSTRUCCIÓN REQUIRÍA UN GRAN TRABALLO DEBIDO AO TAMAÑO E Á COMPLEXIDADE DA ESTRUCTURA.



DOLMEN DE AXEITOS (RIBEIRA)

O DOLMEN —A CÁMARA FUNERARIA— COMPOSTO DE GRANDES LOUSAS DE PEDRA, EN MOITOS CASOS DECORÁBASE CON PINTURAS.




PINTURAS DO DOLMEN DO PADRÃO (PAREDES).

CUBRÍASE TODO CUN MONTÍCULO DE TERRA E UNHA COIRAZA DE PEDRAS BRANCAS. NON SÓ SE ENTERRABAN NELA OS MORTOS, SENÓN QUE TAMÉN ERAN MARCADORES DO TERRITORIO DOS VIVOS.



ÁS VECES APARECEN SOAS; OUTRAS, EN GRANDES CONXUNTOS: ASÍ SUCEDE NAS SERRAS DO LABOREIRO E DO XURÉS, NA DA ABOBOREIRA (ENTRE BAIÃO E AMARANTE) OU NO MONTE DE BRIÓN (FERROL), ONDE HAI 39 DELAS.

NOVOS TEMPOS, NOVAS TÉCNICAS. HAI UNS 4500 ANOS, AS ROCHAS DA PAISAXE COMEZARON A GRAVARSE CUN ESTILO PROPIO DA ÁREA ATLÁNTICA: OS PETRÓGLIFOS. CON REPRESENTACIÓNS EN DISTINTOS ESTILOS SEGUNDO AS ZONAS, ESTÉNDENSE POR BOA PARTE DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL. EN TODO CASO, A MAIOR CONCENTRACIÓN, CON EXTRAORDINARIOS CONXUNTOS, DÁSE NAS RÍAS BAIXAS.



LAJE DOS SINAIS (CARVALHAS, BARCELÓS)

MONTE XIABRE (VILAGARCÍA DE AROUSA)

E ASÍ ESTES POBOS FORON DEIXANDO EN CADA TERRITORIO TESTEMUÑO DA SÚA PRESEZA EN FORMA DE IMAXES PINTADAS EN REFUXIOS OU TALLADAS EN PEDRA.

PINTURAS RUPESTRES DE LOBARZÁN (OÍMBRA, MONTERREI).

REGATO DAS BOUÇAS (SERRA DOS PASSOS, MIRANDELA).

PALA DAS CABRAS (CARBALLEDA DE VALDEORRAS).

OU AS MISTERIOSAS ESTELAS ANTROPOMÓRFICAS ACHADAS NO CABEÇO DA MINA (VALE DA VILARIÇA, VILA FLOR).



ENTRAMOS NA IDADE DO BRONCE, QUE NO NOROESTE PENINSULAR SE DESENVOLVE DESDE O 2.300 ATA O SÉCULO VI A. C. COMEZA O COMERCIO ATLÁNTICO E ESTABLÉCENSE RUTAS MARÍTIMAS PARA O INTERCAMBIO DE COBRE, OURO E PRATA.



AQUÍ TES, ANCIÁN. CONFÍO EN QUE QUEDES CONFORME CO TROCO.

PARÉCEME UN INTERCAMBIO XUSTO.

NA IDADE DO BRONCE, NO ÁMBITO DOS POBOADOS DESENVÓLVESE A AGRICULTURA, O PASTOREO E A EXTRACCIÓN DO MINERAL CON QUE SE COMERCIA, E QUE CHEGA TAN LONXE COMO AS ILLAS BRITÁNICAS. A SOCIEDADE MUDA: OS ENTERRAMENTOS INDIVIDUAIS SUBSTITÚEN OS GRANDES MONUMENTOS COLECTIVOS QUE ERAN AS MÁMOAS; ALGUNHAS PERSOAS MARCAN A SÚA POSIÇÃO NO GRUPO CON ARMAS, ADORNOS E OBTectos LUXOSOS, O CAL INDICA O AUXE DA DESIGUALDADE.



CONTRA O FINAL DESTE PERÍODO ESCULPÍRONSE ESTATUAS ANTROPOMORFAS COMO AS ATOPADAS NAS COMARCAS DE CHAVES E VERÍN, NO VAL DO TÁMEGA, QUE SE ESTABLECEN COMO FITOS NA PAISAXE.

ESTELA DE PEDRA ALTA (CASTRELO DO VAL)

NESTE MOMENTO, OS GRUPOS COMEZAN A FACERSE SEDENTARIOS E A INSTALARSE DE FORMA PERMANENTE EN LUGARES ALTOS CON BOAS CONDIÇÕES DE DEFENSA QUE, CO TEMPO, DARÁN LUGAR A POBOADOS FORTIFICADOS, DEFENDIDOS POR PARAPETOS, FOXOS E LIÑAS DE MURALLA.

SERÁ A ORIXE DA CULTURA DOS CASTROS, AÍNDA QUE A SÚA EXPANSIÓN CHEGARÁ COA IDADE DO FERRO, ENTRE O 600 A. C. E A CONQUISTA ROMANA.

CONSTRUÍRONSE CASTROS EN TODO O NOROESTE: DESDE A COSTA NORTE DE GALICIA ATA MÁIS ALÁ DO DOURO. É O CASO DO CASTRO DE ROMARIZ, EN SANTA MARIA DA FEIRA.

MURALLA DO CASTRO DO MOSTEIRO (O CARBALLIÑO).

MILLEIROS DELES OCUPARON O TERRITORIO, PERO NON SON TODOS DO MESMO PERÍODO, NIN IGUAIS ENTRE ELES. A SÚA CONFIGURACIÓN IRÁ EVOLUCIONANDO: DESDE O SÉCULO II A. C. OS NOVOS CASTROS, OU OS ANTIGOS QUE SE RECONSTRÚEN, SON MAIORES E COMEZAN A ORGANIZARSE EN RÚAS, CON CASAS DISTRIBUÍDAS FORMANDO BARRIOS.

CITANIA DE BRITEIROS (GUIMARÃES).

NOS CASTROS NON SÓ HABERÁ LUGAR PARA CASAS, SENÓN TAMÉN PARA OUTROS EDIFICIOS DE USO PÚBLICO. MOITOS DELES TEÑEN UN TIPO DE SAUNA CERRADA POR UNHA GRAN LOUSA DECORADA: A PEDRA FORMOSA.

PEDRA FORMOSA DO CASTRO DAS EIRAS (VILA NOVA DE FAMILIÇÃO).

OS ROMANOS NON ERAN DESCOÑECIDOS PARA OS CASTREXOS: XA HABÍA TEMPO QUE COMERCIABAN CON ELES.

AOS CASTROS COSTEIROS, COMO O DE GUIFÕES, EN MATOSINHOS, CHEGAN POR MAR OS PRIMEIROS COMERCIANTES DE ROMA. ENTRE OS SEUS PRODUTOS NON FALTAN ÁNFORAS CON ACEITE E VIÑO.

MAIS AS INTENCIÓNS DOS ROMANOS NON VAN QUEDAR SÓ NO COMERCIO.

OS ROMANOS PENETRAN POR PRIMEIRA VEZ NO NOROESTE PENINSULAR NO ANO 137 A. C., BAIXO O MANDO DE DÉCIMO XUÑO BRUTO.

TRAS VENCEREN O POBO DOS KALLAIKOI, AS SÚAS TROPAS DIRÍXENSE AO NORTE.

NALGÚN LUGAR DO VAL DO LIMIA...*




IMOS CRUZAR O RÍO! SEGUÍDEME!

* HAI QUEN DI QUE FOI EN PONTE DE LIMA; OUTROS, QUE FOI EN XINZO DE LIMIA; TAL VEZ FOSE NALGÚN LUGAR INTERMEDIO, HOXE BAIXO AS AUGAS DO ENCORO DAS CONCHAS.


SEÑOR, MAIS ESTE É O LETE, O RÍO DO ESQUECIMENTO. IMOS PERDER AS LEMBRANZAS SE O ATRAVESAMOS.





MALIA A NEGATIVA DOS
SOLDADOS, BRUTO
ATRAVESA EL SÓ O RÍO.

HEIVOS DEMOSTRAR
QUE NON SON MÁIS QUE
SUPERSTICIÓNS.
NON CREADES TODO O
QUE VOS CONTANI



UNHA VEZ QUE XUÑO BRUTO
CRUZA O RÍO, CHAMA POLOS
SOLDADOS UN POR UN PARA
LLES DEMOSTRAR QUE NON
PERDEU A MEMORIA.

MARCO, ANTONINO,
SEVERO... CRUZADE SEN
MEDO, QUE A MIÑA MEMORIA
SEGUE TAN SÓLIDA COMA
A DUN RAPAZ.

ATRAVESADO O RÍO, MONTAN UN
CAMPAMENTO TEMPORAL EN LOMBA
DO MOURO, NA SERRA ENTRE
MELGAÇO E VEEA.

DESDE ALÍ BAIXARÁN AO VAL DO MIÑO E
DIRIXIRANSE AO LITORAL. REMATABA ASÍ A
CAMPAÑA DE BRUTO. FOI A PRIMEIRA VEZ
QUE OS ROMANOS PISARON AS NOSAS
TERRAS, MAIS NON FOI A ÚLTIMA.

NO ANO 63 ANTES DA NOSA ERA, CO EMPERADOR XULIO CÉSAR, OS ROMANOS CHEGARÁN POR MAR E DESEMBARCARÁN NA ACTUAL CORUÑA.



QUE NOS INVADEN!

ÁS ARMAS!


A TERCEIRA E DEFINITIVA FASE DE CONQUISTA CHEGARÁ COAS CAMPAÑAS DE AUGUSTO DURANTE AS GUERRAS CANTÁBRICAS, NO ANO 26 A. C.

NON OBSTANTE, OS ROMANOS NON SÓ SE ASENTARON POLA FORZA DAS ARMAS: CONÉCNENSE PACTOS DE HOSPITALIDADE ENTRE A ADMINISTRACIÓN ROMANA E UN POBO CASTREXO: É O QUE ACONTECEU COS TÚRDULOS DE GAIA OU, MÁIS TARDE, COS COELERNI DE CASTROMAO (CELANOVA).

CONQUISTADO O NOROESTE, QUEDARÁ INTEGRADO NA PROVINCIA DA HISPANIA CITERIOR, CON CAPITAL EN TARRACO. SERÁ COA REFORMA DE DIOCLECIANO, NO SÉCULO III, CANDO SE CONVERTERÁ EN PROVINCIA INDEPENDENTE. AS PRINCIPAIS CIDADES FORON BRACARA, LUCUS E ASTURICA, FUNDADAS POUCO DESPOIS DA CONQUISTA.



MAIS NON SERÁN AS ÚNICAS: SEGUIRÁN AQUAE FLAVIAE (CHAVES) OU TONGOBRIGA, CONSTRUÍDA SOBRE UN ANTIGO CASTRO, QUE SE CONVERTERÁ NUN IMPORTANTE PUNTO DE XUNTANZA E COMERCIO.



FÓRUM DE TONGOBRIGA (MARCO DE CANAVESES)

AS CIDADES, ALÉN DOS EDIFICIOS DE GOBERNO E DOS LUGARES PARA O COMERCIO, TIÑAN ESPAZOS PARA O LEGER. NON PODÍAN FALTAR AS TERMAS!

COMO AS PISCINAS DAS BURGAS DE OURENSE, AS TERMAS DE LUGO OU AS DO ALTO DA CIDADE EN BRAGA. TAMÉN EN CARBALLO CONSTRUÍRON OS ROMANOS UN IMPORTANTE CONXUNTO TERMAL.



OS CASTROS, NO ENTANTO, RESISTIÁNSE A DESAPARECER. AÍNDA MÁIS, TRAS A CONQUISTA ROMANA RECONSTRÚENSE OU FÚNDANSE ALGÚNS DOS DE MAIORES DIMENSIÓNS, COMO A CITANIA DE MONTE MOZINHO (PENAFIEL), QUE FUNCIONAN COMO CABECEIRA DAS SÚAS COMARCAS..



OS ROMANOS TROUXERON OUTRAS FORMAS DE ASENTAMENTO, COMO AS VILLAE, GRANDES EDIFICIOS RURAIS CON DÚAS PARTES MOI DIFERENTES: A RUSTICA, DESTINADA AO TRABALLO, E A URBANA, CONSTRUCCIÓN LUXOSA ONDE VIVÍAN O DONO DA VILA E A SÚA FAMILIA. UN DESES LUXOS É O SISTEMA DE CALEFACCIÓN DA VILA, EN DOUS ANDARES, COMO O DE SAN TOMÉ (OURENSE), AO PÉ DUN CASTRO, XA ABANDONADO EN TEMPOS DA VILA, E ONDE SE CONSTRUÍU UN LAGAR.



TAMÉN HAI UN LAGAR NA FONTE DO MILHO (PESO DA RÉGUA). OS GALAICOS COÑECÍAN O VIÑO, MAIS NON O PRODUCÍAN: FORON OS ROMANOS OS QUE COMEZARON CO SEU CULTIVO.


TODAS ESTAS CIDADES ESTABAN BEN COMUNICADAS POLAS VÍAS QUE OS ROMANOS CONSTRUÍRON. AS PRINCIPAIS DA GALLAECIA UNÍAN BRAGA E ASTORGA POR DIFERENTES TRAZADOS.



PARA PROTEXER A CONSTRUCCIÓN DUNHA DELAS, A VÍA NOVA, LEVANTOUSE A FINAIS DO SÉCULO I O CAMPAMENTO DE AQUIS QUERQUENNIS EN BANDE, NO VAL DO LIMIA.



MOITAS MILLAS AO LESTE, NESTA MESMA VÍA, CONSÉRVASE A PONTE SOBRE O RÍO BIBEI NA SÚA FORMA ORIXINAL ROMANA.



NAS SERRAS ORIENTAIS POR ONDE PASABA A VÍA ABUNDABA UN METAL QUE TIVO MOITA IMPORTANCIA PARA ROMA: O OURO. A CANTIDADE ERA TANTA QUE XUSTIFICOU DESVIAR O CURSO DO RÍO SIL POR UN TÚNEL...

AGORA VAI SER MÁIS DOADO OBTER O PREZADO METAL.

MONTEFURADO (QUIROGA).

...E REMOVER MONTES ENTEIROS CO SISTEMA DE RUINA MONTIUM: POR UNS TÚNEIS ABERTOS BAIXO TERRA FACÍAN CORRER UNHA GRAN CANTIDADE DE AUGA PARA DERRUIR O MONTE E, ASÍ, RECOLLER O OURO.

GALERÍA DAS MÉDULAS (CARUCEDO, LEÓN).

PERO O OURO NON SÓ BRILLABA NO SIL. MÁIS AO SUR, ENTRE PAREDES E VALONGO, AS MINAS TIÑAN OUTRA FORMA: ABRIAN GALERÍAS PARA APROVEITAREN OS FILÓNS DE OURO.

MINAS DE OURO DE CASTROMIL (PAREDES).

MAIS OS ROMANOS NON SÓ OBTIVERON RECURSOS TERRA DENTRO: TAMÉN SOUBERON APROVEITAR AS RIQUEZAS DO MAR. É O CASO DAS SALINAS DE VIGO...

...E DA FABRICACIÓN DO GARUM, SALSA A BASE DE VÍSCERAS DE PEIXE MACERADO QUE OS ROMANOS APRECIABAN MOITO.

TANQUES DA PRAIA DE ANGEIRAS (LAVRA, MATOSINHOS).

E O MAR ERA, ADEMAIS, UNHA EXCELENTE VÍA DE COMUNICACIÓN PARA APOIAR AS RUTAS NAVAIS CONSTRUIUSE A FINAIS DO SÉCULO I O FARO DA TORRE DE HÉRCULES (A CORUÑA).

ROMA NON LLES IMPUÑA AS SÚAS CRENZAS AOS POBOS CONQUISTADOS. PARA FACILITAR A SÚA INTEGRACIÓN, RESPECTABA OS SEUS CULTOS E INCORPORABA OS SEUS DEUSES AO PANTEÓN ROMANO. OS GALAICOS PUIDERON CONTINUAR CO CULTO AOS SEUS DEUSES.

AO LONGO DO SÉCULO III CHEGOU UNHA NOVA RELIXIÓN Á GALLAECIA QUE NON TARDOU EN IMPORSE, ANTES MESMO DE TORNARSE OFICIAL E, FINALMENTE, A ÚNICA PERMITIDA: O CRISTIANISMO.

XP AVRVM VILE TIBE EST, ARGENTI PONDERA CEDANT. PLUS EST QVOD PROPRIA FELICITATE NITES.*

INTERESANTE REFLEXIÓN...

* O OURO ÉCHE VIL, QUE SE QUITEN AS RIQUEZAS DE PRATA, MÁIS VALE O QUE RELOCES POLA TÚA INTERIOR RIQUEZA. CRISMÓN DE QUIROGA (MUSEO DE LUGO).



ARA A REVVE ANABARAE GO (TERMAS DAS BURGAS, OURENSE).

FONTE DO ÍDOLO (BRAGA)

FORON CHEGANDO OUTRAS CRENZAS, CON CULTO A OUTROS DEUSES. EN LUGO EXISTIU UN MITREO, UN TEMPLO ONDE SE ADORABA A MITRA, DEUS PERSA DA SABEDORÍA E DA GUERRA. NAS CAVIDADES DO SANTUARIO DE PANÓIAS (VILA REAL) SACRIFICÁBANS E VÍTIMAS EN HONOR A SERAPIS E OS SERES INFERNALS.




NON FOI SÓ A RELIXIÓN. O SÉCULO III TROUXO MOITOS CAMBIOS, E MOI IMPORTANTES. O IMPERIO ROMANO, NUN MOMENTO DE CRISE, REESTRUTUROU O TERRITORIO BUSCANDO UNHA ADMINISTRACIÓN MELLOR: ASÍ, CO EMPERADOR DIOCLECIANO, NACEU A PROVINCIA DA GALLAECIA.

FOI TAMÉN NESE MOMENTO CANDO SE CONSTRUÍRON AS MURALLAS DE BRAGA E LUGO.

CASE UNHA MILLA E MEDIA DE CIRCUNFERENCIA,* 85 TORRES, 5 PORTAS... NON É UNHA MARABILLA DA ENXEÑERÍA?

MALIA ESTES ESFORZOS, ROMA NUNCA VOLVEU SER A POTENCIA QUE FORA. E ASÍ, UNHA NOITE, NA FRONTEIRA NORTE DO IMPERIO, SUCEDU ALGO QUE MUDARÍA A HISTORIA DA GALLAECIA...

*2,3 KM



31 DE DECEMBRO DO 406. APROVEITANDO QUE O RÍO RIN ESTABA XEADO, VARIOS POBOS BÁRBAROS ATRAVESARON A FRONTEIRA DUN IMPERIO ROMANO XA MOI DÉBIL ENTRE ELES, OS SUEVOS, OS VÁNDALOS E OS ALANOS. TRAS VARIOS ANOS DE SAQUEOS AO LONGO DO IMPERIO, CHEGAN Á PENÍNSULA IBÉRICA. SORTEAN A SÚA DISTRIBUCIÓN, E AOS SUEVOS CORRESPÓNDELLES A GALLAECIA, ONDE SE ESTABLECEN ASINANDO CON ROMA UN FOEDUS, UN ACORDO QUE LLES PERMITE ASENTARSE MENTRES RECOÑEZAN A AUTORIDADE IMPERIAL.

NON ERAN MOITOS, UNS 20.000 (30 VECES MENOS QUE OS GALAICOS QUE AQUÍ VIVÍAN), E PARA SE ASENTAREN PROCURARON ALIANZAS EN VEZ DE EMPREGAR A FORZA: «MUDARON A ESPADA POLO ARADO».



PORÉN, A HISTORIA NON SEGUIU OS PLANS PREVISTOS POR ROMA. OS SUEVOS PROCLAMAN A HERMÉRICO REI DE GALICIA: O REINO SUEVO, QUE TIÑA EN BRAGA A SÚA CIDADE MÁIS IMPORTANTE, ESPALLOUSE CARA AO SUR ATA OCUPAR TODA A METADE OCCIDENTAL DA PENÍNSULA: MÉRIDA OU SEVILLA CHEGARON A ESTAR EN MANS DOS SUEVOS.



DESDE O ANO 448 SERÁ REI REQUIARIO. PARA COMPLETAR A SÚA APROXIMACIÓN AOS GALAICOS, FAI QUE OS SUEVOS SE CONVERTAN DO ARIANISMO AO CRISTIANISMO. ADEMAIS, CUÑARÁ A SÚA PROPIA MOEDA.



MAIS OS CONFLICTOS COS VISIGODOS, RECEOSOS COAS ANSIAS DE EXPANSIÓN DO REINO SUEVO, LEVARON AO ENFRONTAMENTO NA BATALLA DO RÍO ÓRBIGO NO 456: OS VISIGODOS, APOIADOS POLAS TROPAS ROMANAS, SAÍRON VENCEDORES. SAQUEARON BRAGA E AO REI SUEVO, REQUIARIO, MATÁRONO.



NO REINO SUEVO SUCÉDENSE AS PELEXAS POLO TRONO, E A INFLUENCIA VISIGODA SERÁ CADA VEZ MAIOR.

AS TÚAS DERRADEIRAS PALABRAS?

NADA SE SABE DO QUE ACONTECEU DURANTE CASE UN SÉCULO.

POR VOLTA DO ANO 550, DESDE AS REMOTAS TERRAS DA PANONIA (ACTUAL HUNGRÍA), CHEGA A BRAGA UN RELIXIOSO DE NOME MARTIÑO, TALVEZ COMO EMISARIO DO EMPERADOR DE BIZANCIO.



CERCA DA CAPITAL DOS SUEVOS —QUE VOLVERÁN AO CRISTIANISMO CO REI TEODOMIRO— FUNDA O MOSTEIRO DE DUMIO (OU DUME), QUE POUCO DESPOIS SERÁ TAMÉN BISPADO, E O PROPIO MARTIÑO SERÁ BISPO DE DUMIO E BRAGA.



PERO NON VAI SER LEMBRADO POR ISO: FOI EL QUE ORGANIZOU A ESTRUCTURA DA IGREXA DO REINO SUEVO COAS SÚAS PARROQUIAS E BISPADOS, DESCRITOS NO PARROQUIAL SUEVO.



A SÚA MAIOR PREOCUPACIÓN FOI CORRIXIR OS COSTUMES PAGÁNS DOS GALAICOS, MOI INFLUÍDOS AÍNDA POR CRENZAS ROMANAS E PRERROMANAS.



COMO PODEDES CHAMARVOS CRISTIÁNS SE LLES FACEDES OFRENDAS ÁS PEDRAS, ÁS FONTES DE AUGA...?


OU SE PARA AS COLLEITAS ATENDEDES AS FASES DA LÚA...

COMO PODEDES CONSULTAR ADIVIÑOS, A AGOIREIROS? COMO PODEDES COLOCAR O LOUREIRO NAS VOSAS PORTAS PENSANDO QUE ISO VOS VAI PROTEXER?



COMO PODEDES DICIR QUE SODES CRISTIÁNS SE LLES PONDES AOS DÍAS NOMES PAGÁNS? DÍA DA LÚA? DÍA DE MARTE? DÍA DE MERCURIO? SE O DOMINGO É O DÍA PRINCIPAL, O PRIMEIRO, OS OUTROS SÓ PODEN SER O SEGUNDO, O TERCEIRO, O CUARTO... ESQUECEDE PARA SEMPRE OS DEUSES DOS PAGÁNS!

EN TEMPOS DE MARTIÑO DE DUMIO, NO ANO 573,
FÚNDASE O MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS,
COAS SÚAS CAPELAS RUPESTRES.



MARTIÑO MORRE POUCOS ANOS DESPOIS, NO 579,
E SERÁ ENTERRADO NO SEU MOSTEIRO DE DUMIO.



DEIXANDO DE LADO A RELIXIÓN, OS SUEVOS NON DUBIDARON EN ENFRONTARSE AOS VISIGODOS PARA AMPLIAREN O SEU TERRITORIO. PERO, DE REGRESO DUNHA EXPEDICIÓN A SEVILLA, O REI MIRO MORRE E LEOVIXILDO, REI VISIGODO, APROVEITA OS CONFLICTOS POLO TRONO PARA LANZAR OS SEUS ATAQUES.





ÁS ARMAS! NON TEÑADES PIEDADE DO INIMIGO!

DIN DELES QUE SON UN POBO VALOROSO!




GALLAECIA SERÁ NOSAI OS SUEVOS DEBEN CAERI



AGORA ESTA
TERRA
PERTÉNCENOS.

NO ANO 585, OS SUEVOS CAEN
DERROTADOS. REMATA ASÍ A
HISTORIA DO SEU REINO.

A GALLAECIA PASABA A DEPENDER DO REINO VISIGODO DE TOLEDO. AÍNDA QUE NON TERÁ UN GRAN PROTAGONISMO NA POLÍTICA, DO SEU LEGADO COÑECEMOS DÚAS IGREXAS: SAN FRUTUOSO DE MONTÉLIOS (BRAGA)



NO ANO 656, SAN FROITOSO (OU FRUTUOSO), BISPO DE DUMIO E BRAGA, E IMPULSOR DO MONACATO NA GALLAECIA, FUNDOU O SEU MOSTEIRO DE SAN SALVADOR, DO CAL SE CONSERVA ESTA CAPELA.


E SANTA COMBA DE BANDE.



MAIS A ESTE PERCORRIDO POLA NOSA HISTORIA NON VAN TARDAR EN CHEGAR OUTROS PROTAGONISTAS...



VÍAS ROMANAS



II

DO REINO VISIGODO Á REVOLTA DOS IRMANDIÑOS (700 - 1.500)

TEXTOS: VÍCTOR RODRÍGUEZ MUÑIZ
IMAXES: DANIEL CORREIA



ANO 711. A HISTORIA DO REINO VISIGODO ÍA TER UN FINAL INESPERADO. APROVEITANDO O CONFLITO ENTRE OS HERDEIROS AO TRONO, OS MUSULMÁNS CRUZAN O ESTREITO. NUNS MESES, AS TROPAS DE MUZA VAN PERCORRER A MAIOR PARTE DA PENÍNSULA.

MURALLA DE LUGO



NO NORTE, AS TROPAS MUSULMÁNS FORON ESCASAS, MAIS A PAZ NON REGRESOU. FORON MOITAS AS INCURSIÓNS Á PROCURA DE BENS E PRISIONEIROS.



A VIDA SEGUÍA NAS ALDEAS, O TRABALLO NO CAMPO CONTINUABA, AS PARROQUIAS NON DESAPARECERAN. MAIS ERA UNHA TERRA DE NINGUÉN, SEN REIS...

... AÍNDA QUE NO NORTE, EN ASTURIAS, COMEZABA A ARTICULARSE UN NOVO REINO. PORÉN, AS TERRAS DE GALICIA RESISTIRÁN MOITO TEMPO, ATA QUE ACABEN DEPENDENDO DOS NOVOS SEÑORES, OS NOVOS REIS.

ASÍ ATA QUE UNHA «DESCUBERTA» MUDOU TODO...

ENTRE AS ÁRBORES ALGO CHAMA A ATENCIÓN DE PAIO.

ISO QUE É?

PAIO ESTABA, SEN SABELO, NAS RUÍNAS DO CEMITERIO DA ANTIGA CIDADE ROMANA DE ASSECONIA.

EN IRIA, O BISPO LOGO É INFORMADO DO RECENTE ACHADO.

TRAIU NOTICIAS QUE LLE PODEN INTERESAR...

É UN MILAGRE!

É A TUMBA DO APÓSTOLO SANTIAGO TRAÍDA POLOS DISCÍPULOS A ESTE BOSQUE DE LIBREDÓN.

VÁMOSLLE LEVAR A NOTICIA AO REI AFONSO.

A NOVA DUN FEITO TAN IMPORTANTE CHEGA LOGO AOS OÍDOS DO REI DE ASTURIAS, AFONSO II, QUE VIAXA ATA A QUE SE DI QUE É A TUMBA DE SANTIAGO.

É A OPORTUNIDADE QUE ESTABA A AGARDAR.

VOU ORDENAR QUE SE CONSTRÚA AQUÍ UNHA IGREXA MAGNÍFICA...

... EN HONOR A SANTIAGO!

DEPOIS DA ADHESIÓN DE IRIA AO REINO DE ASTURIAS, O AVANCE CARA AO SUR FOI MOITO MÁIS RÁPIDO. VÍMARA PERES, APÓS A FUNDACIÓN DE VIMARANIS (ACTUAL GUIMARÃES), TOMARÁ O PORTO NO 868.



NESTES TEMPOS CONSTRÚENSE MOITOS CASTELOS PARA OS NOVOS SEÑORES DOMINAREN OS TERRITORIOS OU CUSTODIAREN AS FRONTEIRAS.



MAIS TAMÉN SON MOITOS OS MOSTEIROS QUE NACERON NESTA ÉPOCA, COMO O DE CELANOVA.



NACIDO NUNHA FAMILIA ACOMODADA, EMPARENTADA CON REIS, SEÑOR DE TERRAS DESDE SANTO TIRSO ATA O NORTE DE GALICIA, BISPO DE DUMIO... TODO ISTO FOI SAN ROSENDO, O SEU FUNDADOR.

OS TEMPOS DE CALMA, PORÉN, POUCO ÍAN DURAR: OS PERIGOS CHEGABAN POR TERRA E POR MAR. AÍNDA QUE A FRONTEIRA RECUARA CARA AO SUR, OS MUSULMÁNS CONTINUABAN COAS SÚAS INCURSIÓNS.



COLLEDE AS CAMPÁS DA BASÍLICA!

ALMANZOR CHEGOU COAS SÚAS TROPAS A COMPOSTELA NO 997 E O ROUBO NON FOI FÁCIL DE ESQUECER...



DESDE AS TERRAS DO NORTE XORDE A AMEAZA VIQUINGA.



A BORDO DE TERRIBLES DRAKKARES, ULV GALICIEFARER TRAE TROPAS PARA SAQUEAR AS TERRAS DE JAKOBSLAND: BRAGA E COMPOSTELA.

AS TORRES DO OESTE (CATOIRA) CONSTRUIRONSE PARA DEFENDERSE DESTES ATAQUES.



ASÍ E TODO, ÁS VECES UNHA TERRA RICA PODE SER UNHA DESGRAZA PARA O SEU REI. VELAQUÍ A HISTORIA DE GARCÍA DE GALICIA.

CHAME OS MEUS FILLOS: SANCHO, AFONSO E GARCÍA.



E ASÍ, OS TRES INFANTES, FORON ONDA AO SEU PAI, DON FERNANDO I DE LEÓN.

SANCHO, MEU PRIMOXÉNITO, VAICHE CORRESPONDER REINAR EN CASTELA.

AFONSO, MEU SEGUNDO FILLO, GOBERNARÁS EN LEÓN.

GARCÍA, GALICIA SERÁ O TEU REINO.



CONQUISTADA A PODEROSA COÍMBRA, AGORA PERTENCENTE A GALICIA, GARCÍA CONVERTEUSE NO 1065 NO REI MÁIS RICO DOS TRES TERRITORIOS. O MÁIS PODEROSO DOS TRES IRMÁNS.

LOGO HABÍA DE CHEGAR A INIMIZADE E A ENVEXA DOS IRMÁNS, E NO 1071 DECLARÁRONLLE A GUERRA!

O CONFLITO ENTRE OS FILLOS DE FERNANDO I SEGUÍA ACTIVO. NO 1072 MORRE SANCHO II E AFONSO CHAMA O SEU IRMÁN COA PROMESA DE ASINAR UN ACORDO DE PAZ ENTRE OS DOUS. GARCÍA ACEPTOU, MAIS NON IMAXINOU QUE SE TRATABA DUNHA TRAMPA ARGALLADA PARA QUITALO DO PODER.

VIVA!!
VIVA O REI GARCÍA II DE GALICIA!

VIVA!!




SANCHO, ÚNETE A MINI O REINO DE GALICIA VAI SER NOSO.



PRENDÉDEO DECONTADO!

NUNCA VAS SAÍR DO CASTELO DE LUNA.

GALICIA VAI SER MIÑA.



AFONSO UNIRÁ A GALICIA DE GARCÍA AO SEU REINO, MAIS O DESCONTENTO FOI GRANDE. MESMO UN BISPO DE SANTIAGO FOI DESTERRADO POR APOIAR A CAUSA DO REI ENCARCERADO. TALVEZ PARA ACALMAR O AMBIENTE, A SÚA FILLA E O XENRO, A INFANTA URRACA E RAIMUNDO DE BORGÑO, SERÁN OS NOVOS SEÑORES DE GALICIA. AO POUCO TEMPO NOMEARÁ A SÚA FILLA TAREIXA E A HENRIQUE DE BORGÑO CONDES DE PORTUGAL.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, ANO 1102.
A CIDADE VIVE TEMPOS DE TRANSFORMACIÓN. DÚAS DÉCADAS ANTES, A CATEDRAL TRASLADÁRASE DESDE A ANTIGA IRIA ATA AQUÍ, E O MAXESTOSO TEMPLO COMEZOU A SÚA CONSTRUCCIÓN CUN NOVO ESTILO, O ROMÁNICO. APENAS UN ANO ANTES FORA ELIXIDO UN NOVO BISPO, QUE PROTAGONIZARÁ MOITOS CAPÍTULOS DA HISTORIA DA CIDADE: DIEGO XELMÍREZ.



ASTUTO E TEIMOSO, XELMÍREZ PRETENDE ELEVAR O STATUS DE COMPOSTELA E TER MÁIS PODER. NON DUBIDA EN RECORRER A TODOS OS MEDIOS AO SEU ALCANCE NA SÚA RIVALIDADE CON BRAGA, RESTAURADA COMO ARCEBISPADO DESDE O 1070.

ALÉDOME DA TÚA VISITA, IRMÁN DIEGO. BENVIDO! MANDEI PREPARAR O PALACIO PARA A TÚA ESTADÍA.

EN BRAGA, XELMÍREZ E O SEU SÉQUITO SON RECIBIDOS POLO ARCEBISPO E O CABIDO.



ENTREMENTRES, CELEBREMOS UNHA MISA NA TÚA HONRA.



AO OUTRO DÍA, XELMÍREZ AUSÉNTASE PARA VISITAR COS SEUS HOMES AS IGREXAS DOS ARREDORES DA CIDADE.



PÍDOCHE HUMILDEMENTE, GERALDO, PODER DICIR MISA EN SOIDADE NAS TÚAS IGREXAS, PARA PODER RENDERLLES HONRAS AOS SANTOS QUE ESTAS CUSTODIAN CON TODA A MIÑA DEVOCIÓN.

TOMA FORMA O PLAN TRAZADO DESDE HAI MOITO TEMPO POLO BISPO DE COMPOSTELA: O ROUBO DAS RELIQUIAS QUE ATESOURAN EN BRAGA. É O PÍO LATROCINIO.



ESCAVA CON COIDADADO Á DEREITA DO ALTAR. É AÍ ONDE DEBEMOS ACHAR AS RELIQUIAS DE SAN VÍTOR.

DO CHAN EXTRAE UN PEQUENO COFRE DE MÁRMORE.



O MESMO SE REPETIRÁ NA IGREXA DE SANTA SUSANA...

E NA CAPELA DE SAN FRUTUOSO DE MONTÉLIOS.




TEMOS QUE SER RÁPIDOS AO REGRESAR. NON PODEMOS ARRISCARNOS A UNHA PERSECUCIÓN. TEMOS QUE REGRESAR ANTES DE QUE ALGUÉN REPARE NA AUSENCIA DA RELIQUIAS!

XELMÍREZ E O SEU SÉQUITO CHEGAN ENTÓN Á CORRELHÁ, PROPIEDAD DE COMPOSTELA.



TEMOS QUE ACTUAR CON ASTUCIA, IRMÁNS. PARA DISIPARMOS AS SOSPEITAS, IMOS DESCANSAR AQUÍ UNS DÍAS. MAIS UN DE VÓS VAI TRANSPORTAR O NOSO TESOURO POLOS CAMIÑOS MÁIS OCULTOS ATA ALÉN DO MIÑO, E VAINO GARDAR ATA O NOSO REENCANTRO.

E ASÍ SE CUMPRIRON AS ORDES DO BISPO...



A MISIÓN LOGRARA OS OBXECTIVOS: EN 1120, A COMPOSTELA FOI ELEVADA A ARCEBISPADO. O PRIMEIRO DOS SEUS ARCEBISPOS, POR SUPOSTO, FOI O PROPIO DIEGO XELMÍREZ. MAIS ISTO NON LOGROU DESACREDITAR O SEU ADVERSARIO DE BRAGA: A PESAR DA NOVA CONDICIÓN DE COMPOSTELA, AS DIOCESES DE LUGO, TUI, OURENSE E ASTORGA VAN SEGUIR BAIXO A AUTORIDADE DE BRAGA, E ASÍ SERÁ ATA 1380.

... E XELMÍREZ, SATISFEITO CO SEU TRIUNFO, ENTRA EN COMPOSTELA, ONDE É ACLAMADO POLOS VECIÑOS CON XÚBILO.

MAIS A TRANQUILIDADE EN COMPOSTELA NON ÍA DURAR MOITO. A CIDADE FOI TESTEMUÑA DUN XOGO DE ALIANZAS E CONTRALIANZAS. OS PROTAGONISTAS? DONA URRACA, OS CONDES DE TRABA E XELMÍREZ. EN 1109, URRACA, XA VIÚVA E FALECIDO O SEU PAI, AFONSO VI, HERDOU O TRONO. ELA FOI A PRIMEIRA RAÍÑA DE LEÓN NON POR SER ESPOSA DE REI, SENÓN POR DEREITO PROPIO. NO ENTANTO, ISO NON LLE GARANTÍA A PAZ NIN A TRANQUILIDADE...



URRACA I DE LEÓN E CASTELA CHEGA A COMPOSTELA CO SEU SÉQUITO.

E DOUS ANOS DESPOIS, AFONSO, O SEU FILLO, AÍNDA UN CATIVO, É PROCLAMADO REI NA CATEDRAL DE SANTIAGO POR XELMÍREZ E POLO CONDE DE TRABA, O SEU AIO. QUERÍAN UN REI PARA GALICIA.



EU, DIEGO XELMÍREZ, PROCLAMO A AFONSO RAIMÚNDEZ NOVO REI DE GALICIA.

VIVA O NOVO REI, AFONSO VIII

MAIS A RAÍÑA E O BISPO NON SEMPRE ESTIVERAN EN LADOS OPOSTOS. ISO SI, AS ALIANZAS ENTRE ELES NON TIÑAN POR QUE AGRADAR O POBO COMPOSTELÁN...



A RAÍÑA TRAIZOOUNOS AO ALIARSE CON XELMÍREZ.



SE FICAMOS AQUÍ, VANNOS MATAR!

TEMOS QUE IR A UN LUGAR SEGURO!

YAMOS CORRENDO AO CAMPANARIO, ALÍ NON PODEN CHEGAR A NÓS.

MAIS OS BURGUESES ANTICIPÁRONSE E PRENDÉRONLLE LUME Á TORRE PARA QUE BAIXASEN.



É URRACA! NON A DEIXEDES ESCAPARI


BATEDE NELA!

O POBO, LEVADO POLA IRA, ROMPELLE A ROUPA A URRACA E AGREDIUNA POLAS RÚAS DE COMPOSTELA.

TRAS PROMETER CONCESIÓN, URRACA AMPÁRASE NA CAPELA DA CORTICELA.



ELES NON O SABÍAN, MAIS AO FUXIR ENTRE AS CASAS DOS SEUS PARTIDARIOS, XELMÍREZ CONSEGUIRA REFUXIARSE NO MOSTEIRO DE ANTEALTARES. AGORA TIÑA QUE TENTAR SAÍR DA CIDADE E XUNTAR AS SÚAS TROPAS.



ENTÓN, XELMÍREZ BAIXOU DA TORRE E MESTUROUSE COA MULTITUDE.



XELMÍREZ REÚNESE COAS TROPAS DA RAÍÑA E DO CONDE DE TRABA PARA TOMAREN SANTIAGO. ASÍ QUEDARÍA DEFINITIVAMENTE DERROTADA A SUBLEVACIÓN DOS BURGUESES DA CIDADE.



ENTREMENTRES, NO CONDADO DE PORTUGAL, DONA TAREIXA SOUBO APROVEITAR ESTA INESTABILIDADE OCUPANDO OS TERRITORIOS DA SÚA IRMÁ. TODO O SUR DE GALICIA, ATA OURENSE, PASOU AO SEU PODER!

OS RUMORES SON CADA VEZ MÁIS EVIDENTES. SON MOITOS OS QUE PREFERIRÍAN QUE ME SEPARASE DE TI E FORMARMOS DOUS REINOS INDEPENDENTES.

MOITOS QUEREN QUE O MEU FILLO SE ENFRONTE A NÓS...

MAIS TAREIXA SABÍA QUE NON TODO ÍA SER TAN PERFECTO. A SÚA ALIANZA (NON SÓ POLÍTICA...) CON FERNANDO PÉREZ DE TRABA NON FOI BEN RECIBIDA POLOS ARISTÓCRATAS PORTUGUESES.

E NON TARDARÍA MOITO EN DEMOSTRARSE QUE TIÑA RAZÓN! O ARCEBISPO DE BRAGA, PAIO MENDES DA MAIA, FOI UN DOS PARTIDARIOS DE AFONSO.

AFONSO, TES QUE DAR ESE PASO. A ARISTOCRACIA É FAVORABLE.

EGAS MONIZ ESTÁ CONTIGO...

O MOMENTO ESTABA A PUNTO DE CHEGAR. EN 1128, NO CAMPO DE SÃO MAMEDE, AFONSO ENFRONTÁSE ÁS TROPAS DA SÚA NAI, A FAVOR DUNHA UNIÓN CON GALICIA...

TODAS AS CASAS ATA A FEIRA VANTE APOIAR SEN DUBIDALO!

... E VENCE!

VITORIOSO SEXA EL-REI DON AFONSO HENRIQUES!

AFONSO ASUMIRÁ ASÍ O GOBERNO, MAIS NON SE PROCLAMARÁ REI ATA DESPOIS DA VITORIA FRONTE AOS MUSULMÁNS EN OURIQUE, EN 1139.

ISTO NON SUPUXO PROBLEMA NINGÚN PARA O SEU PRIMO, AFONSO VII, NOVO REI DE LEÓN QUE, TRAS A MORTE DA SÚA NAI, URRACA, SE PROCLAMARA EMPERADOR. NON FALTARON AS BATALLAS NO SUR DE GALICIA, NIN OS ACORDOS DE PAZ ENTRE ELES.

QUE ESTE TRATADO SIRVA PARA UNIR OS NÓSOS REINOS POR MEDIO DA PAZ.

GALICIA E PORTUGAL, A PARTIR DESE MOMENTO, DEFINITIVAMENTE TOMARÁN CAMIÑOS SEPARADOS NA POLÍTICA. MAIS A FRONTEIRA NON FOI OBSTÁCULO PARA O QUE ERA COMÚN A AMBOS OS LADOS.

IGREXA DE ARNOSO

A LINGUA CONTINUOU A SER A MESMA. A ARTE, TAMÉN, É A ÉPOCA DA GRANDE EXPANSIÓN DOS MOSTEIRO E IGREXAS ROMÁNICAS.

NOS VALES DO MIÑO E DO SIL E NAS TERRAS DE LEMOS; NA COMARCA DO DEZA E NA COMARCA DO CARBALLIÑO; NOS VALES DE SOUSA E DO TÁMEGA, E EN MÁIS LUGARES, O ROMÁNICO INUNDOU TODO.



IGREXA DE ÁGUAS SANTAS (MAIA)



MOSTEIRO DE SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL



IGREXA DE SANTA MARIA DE ALMACAVE (LAMEGO)

DEPOIS DO ROMÁNICO CHEGARÁ O MOMENTO DUN NOVO ESTILO, O GÓTICO. CLARAMENTE MENOS ESTENDIDO, AÍNDA QUE NON FALTAN BOS EXEMPLOS, COMO A IGREXA PARROQUIAL DE VIANA DO CASTELO.



IGREXA DE SÃO DOMINGOS DE VILA REAL



CONVENTO DE SANTA CLARA DE VILA DO CONDE

PONTEVEDRA TIÑA CONVENTOS DAS TRES ORDES MENDICANTES: FRANCISCANOS, DOMINICOS E CLARISAS. ERA A MAIOR CIDADE DE GALICIA NESE MOMENTO. O MOTIVO?



CONVENTO DE SANTO DOMINGO

O SEU PORTO. E QUE PRODUTOS SE ENVIABAN DESDE AQUÍ?



PEIXE E, SOBRE TODO, VIÑO!



OS MOSTEIROS MEDIEVAIS FOMENTARON O CULTIVO DAS VIDES, NON SÓ PARA PROPIO ABASTECIMENTO, SENÓN TAMÉN PARA A VENDA.



MOITOS LABREGOS FORON OBRIGADOS A CULTIVAR VIÑAS NAS TERRAS QUE OS MOSTEIROS LLES ARRENDABAN. ERA O INICIO DA VITICULTURA EN TERRAZAS EN LUGARES COMO A RIBEIRA SACRA E O DOURO.



AÍNDA QUEDAN ALGÚNS LAGARES ANTIGOS ESCAVADOS EN ROCA, ONDE SE PRENSABA A UVA.



A PESTE NEGRA CHEGOU EN 1348 NUN BARCO. COMO EN TODA EUROPA, FOI TERRIBLEMENTE MORTAL, ESPECIALMENTE NAS VILAS DO LITORAL.

MAIS OS PORTOS TAMÉN PODÍAN RECIBIR VISITANTES MENOS DESEXABLES...



A MANCHA, 1369. HENRIQUE DE TRASTÁMARA ASASINA O REI PEDRO I, O SEU MEDIO IRMÁN.



APOIADO POLA NOBREZA CASTELÁ, HENRIQUE É PROCLAMADO REI. MAIS A ARISTOCRACIA GALEGA NON O RECOÑECE, E, NA CORUÑA, PROCLAMA A FERNANDO I REI DE GALICIA.

VIVA O LEXÍTIMO REI DE GALICIA, FERNANDO I DE PORTUGAL!

VIVA EL-REI!



EN REPRESALIA, AS TROPAS DO REI DE CASTELA ENTRAN EN PORTUGAL E CHEGAN A ASEDIAR BRAGA. CERCARON MOITAS POBOACIÓNS, MAIS NON SEMPRE CON ÉXITO. ESTAMOS EN MONÇÃO. AS TROPAS DE CASTELA RODEARAN A VILA VARIAS SEMANAS ANTES E A FAME COMEZABA A SER SEVERA. SE NON PODÍAN LOITAR, TIÑAN QUE COMBATELOS CON INTELIXENCIA. E A ASTUCIA ERA O QUE NON LLE FALTABA A DEU-LA-DEU MARTINS.



ESTAMOS AO LÍMITE, SEN ALIMENTOS, MAIS NON PODEN SABELO, OU SERÁ A NOSA FIN.

TEMOS QUE FACERLLES CRER QUE PODEMOS RESISTIR DURANTE MOITO TEMPO!



HUM...?



COAS ÚLTIMAS RESERVAS DE FARIÑA QUE QUEDABAN EN MONÇÃO, DEU-LA-DEU COCEU PAN...



... QUE DESPOIS LLES LANZARÍA AOS SITIADORES DESDE O ADARVE DA MURALLA.



QUERIADES VENCERNOS COA FAME, MAIS ESTAMOS TAN BEN ABASTECIDOS QUE VOS DAMOS O QUE NOS SOBRA.

E SE QUEREDS MÁIS, DÁMOSVOS MÁISI!



VÁMONOS DE AQUÍ...

... ESTE ASEDIO REMATOU.

EN 1371, HENRIQUE DE CASTELA E FERNANDO I ASINAN UN TRATADO DE PAZ EN ALCOUTIM. AS CONDICIÓN FAVORECÍAN O REI PORTUGUÉS, QUE GAÑABA BOA PARTE DO SUR DE GALICIA: CORRESPONDERÍANLLE ALLARIZ E MONTERREI. PARA ISO TERÍA QUE CONTRAER MATRIMONIO COA FILLA DO SEU INIMIGO: A INFANTA LEONOR DE CASTELA.



MAIS OUTRA LEONOR CRUZOUSE NO CAMIÑO DE FERNANDO: LEONOR TELES, SOBRÍÑA DO CONDE DE BARCELOS...

E NON TARDARON EN CASAR, EN 1372, EN LEÇA DO BALIO.



O ACORDO ENTRE PORTUGAL E CASTELA QUEDARA ROTO. GALICIA PUIDO SER PORTUGUESA... MAIS O NOVO TRATADO DE PAZ DEIXABA AS FRONTEIRAS SEN CAMBIOS.



NON PASARÍA MÁIS DUNHA DÉCADA ATA QUE SE VIVISE UN NOVO CONFLITO. EN 1383 FALECE O REI FERNANDO DE PORTUGAL. SEGUNDO O ÚLTIMO TRATADO CON CASTELA, O REI XOÁN I, VIÚVO, CASARÍA COA INFANTA BEATRIZ, FILLA DE FERNANDO.

MAIS BEATRIZ SÓ TIÑA 10 ANOS, E O TRATADO DICÍA QUE A SÚA NAI, LEONOR TELES, SERÍA A REXENTE. NON ESTABA SOA: GOVERNABA CO SEU AMANTE, O GALEGO CONDE DE ANDEIRO.



O GOBERNO ESTÁ EN MANS DE ANDEIRO, E CADA DÍA QUE PASA É MÁIS PROBABLE QUE XOÁN REINE EN PORTUGAL.

TEMOS QUE DAR CUNHA SOLUCIÓN.



PORTUGAL NON PODE ESTAR EN MANS DOS CASTELÁNS.



E A SOLUCIÓN NON SE FIXO ESPERAR: JOÃO, MEDIO IRMÁN DO REI FERNANDO, MESTRE DA ORDE DE AVÍS, ASASINOU O CONDE... E OS LISBOETAS ACLAMÁRONO!

DESPOIS DE MÁIS DUN ANO DE CONFLITOS ENTRE OS PARTIDARIOS DE JOÃO E BEATRIZ, EN 1385 AS CORTES DE COIMBRA POR FIN PROCLAMARON A JOÃO REI DE PORTUGAL. XOÁN I DE CASTELA TENTOU ENFRONTARSE A EL, MAIS A VITORIA PORTUGUESA EN ALJUBARROTA FOI ESMAGADORA.



A GUERRA ESTABA GAÑADA, MAIS NO NORTE HABÍA MOITOS BALUARTES QUE APOIABAN A XOÁN I DE CASTELA E BEATRIZ. CHAVES SÓ SE RENDERÍA DESPOIS DO ASEDIO DO CONDESTABLE NUNO ÁLVARES PEREIRA. EN MELGAÇO, A DISPUTA, SEGUNDO A LENDA, FOI MOI DIFERENTE...



UNHA MOZA DO POBO OFRÉCESE PARA LOITAR...



E LOGO?

UNHA MULLER?

EU VOU LOITAR!

MAIS ESA QUEN É?

ERA INÊS NEGRA...



COMO SE ATREVE?



MEU SEÑOR, UNHA MOZA DA VILA OFRECEUSE VOLUNTARIA PARA LOITAR.


CHÁMANLLE INÊS NEGRA.



VOU LOITAR EU CONTRA ELA...

... COMIGO NON TEN A MENOR OPORTUNIDADE!

QUE ME TRAIAN ESA TAL INÊS, QUERO VER O QUE VALE.





PENSEI QUE ÍAS PELEXAR MÁIS... EN FIN.

PONTE DE PÉ E LOITEMOS CORPO A CORPO.



XUNTANDO AS SÚAS ÚLTIMAS FORZAS, BATEU NA SÚA OPRESORA.



VIVA INÊS NEGRAI

A NOSA SALVADORA!

E ASÍ FOI COMO, AO OUTRO DÍA, O CASTELO DE MELGAÇO SE RENDEU SEN RESISTENCIA AO REI DE PORTUGAL

A GUERRA ENTRE CASTELA E PORTUGAL CHEGARÁ MÁIS LONXE, ATA INGLATERRA. OS PORTUGUESES PUXÉRANSE EN CONTACTO CON XOÁN DE GANTE, DUQUE DE LANCASTER, PARA CONVENCENO DE RECLAMAR O TRONO DE CASTELA POR SER XENRO DO REI PEDRO, O ASASINADO. EN 1386, POR FIN, ESTE CONSIDERA QUE CHEGOU O MOMENTO DE ACTUAR.



XOÁN DE GANTE ENTRA EN GALICIA POLO PORTO DA CORUÑA E ESTABECE A SÚA CORTE EN OURENSE.



O DUQUE CRUZA A FRONTEIRA PARA ENCONTRARSE CO SEU ALIADO, JOÃO DE AVÍS (JOÃO I DE PORTUGAL).

PONTE DE MOURO (MONÇÃO)

AÍNDA QUE RENUNCIOU A ASPIRAR AO TRONO CASTELÁN, A VIAXE NON FOI EN VAN: OS ALIADOS ACORDARON O MATRIMONIO DO REI COA FILLA DO DUQUE, FILIPA DE LANCASTER, QUE SE CELEBRARÁ NO PORTO EN 1387.




IMOS DESCARGAR ESTES BARRÍS!

O MATRIMONIO SELABA O TRATADO DE WINDSOR. OS ALMACÉNS QUE OS INGLESES ESTABLECERON NO PORTO FORON OS MÁIS BENEFICIADOS: VIÑO, CORTIZA E ACEITE DE OLIVA SAÍAN DE PORTUGAL RUMBO AO NORTE; A CAMBIO, CHEGABAN TECIDOS... E BACALLAU!



O PRIMEIRO PASO DESTE PROCESO SERÁ A CONQUISTA DE CEUTA EN 1415. MAIS NON SEN CONSECUCIÓNS PARA OS HABITANTES DO PORTO...

COMEZA UN PERÍODO DE ESTABILIDADE E PAZ EN PORTUGAL. CO FILLO DOS NOVOS REIS, HENRIQUE O NAVEGADOR, COMEZARÁ A ERA DOS DESCUBRIMENTOS.



NA CASA DO INFANTE...



É IMPERATIVO QUE TODOS OS VÍVERES SE ENTREGUEN Á FROTA.

... DE INMEDIATO!

MENTRES SE CARGAN OS ALIMENTOS, OS HABITANTES DO PORTO QUEDAN SÓ CO QUE RESTA... AS VÍSCERAS.



LEVAN TODA A CARNE E NÓS SÓ PODEMOS COMER TRIPAS.

VELÁI A ORIXE DO ALCUME DE «TRIFEIROS» PARA OS PORTUESES.



NESTAS ÚLTIMAS DÉCADAS DA IDADE MEDIA, GALICIA E PORTUGAL SON TERRA DE CASTELOS.

ALGÚNS NACERON PARA CONTROLAR UN CAMIÑO...

SARRIA



... PARA VIXIAR UNHA PONTE...

MIRANDELA

... OU UNHA BARCA... COMO TAMÉN É O CASO DO CASTELO DO CASTRO DE VALDEORRAS.



OUTRAS FORTALEZAS CONSTRUÍRONSE COMO DEFENSA DAS FRONTEIRAS.

MURALLA DE BRAGANÇA



DOMUS MUNICIPALIS

LUGAR ONDE OS REPRESENTANTES DA CIDADE SE REUNÍAN EN CONSELLO

MOITOS DESTES CASTELOS SON PROPIEDAD DA NOBREZA E SERVIRÁN PARA DEMOSTRAR O SEU PODER.



MONFORTE DE LEMOS



CASTELO DE SANTA MARIA DA FEIRA

E TAMPOUCO FALTAN OS VERDADEIROS PALACIOS, CONSTRUÍDOS POR UN DOS HOMES MÁIS RICOS E PODEROSOS DE PORTUGAL NAQUEL MOMENTO: D. AFONSO, PRIMEIRO DUQUE DE BRAGANÇA.



PAZO DOS DUQUES (BARCELOS)



PAZO DOS DUQUES EN GUIMARÃES

NO ENTANTO...



AO ATAQUE!

ABAIXO CO CASTELO!

... EN GALICIA, O POBO ALZOUSE CONTRA OS SEÑORES.

O ENORME PODER DA ARISTOCRACIA EN GALICIA E OS ABUSOS QUE COMETÍAN COS VASALOS MOTIVARON A REVOLTA IRMANDIÑA DE 1466. FACENDO XUSTIZA «EN NOME DO REI», HENRIQUE IV, DERRIBARÁN POR TODA GALICIA MÁIS DE 130 CASTELOS PERTENCENTES A SEÑORES LAICOS E RELIXIOSOS.



ROCHA FORTE DE SANTIAGO.

ENTRADE NO PALACIO E DESTRUÍDE AS TORRES!



ALÍ!

ABAIXO COA TORRE!



PALACIO DO BISPO DE OURENSE



OS IRMANDIÑOS CONTINUARÍAN A DESTRUÍR CASTELOS EN NOME DE HENRIQUE IV ATA QUE MUDASE A SÚA SORTE. O PROTAGONISTA?

... PEDRO ÁLVAREZ DE SOUTOMAIOR,
PEDRO MADRUGA



SEÑOR DA COMARCA DE TUI, TAMÉN FOI VÍTIMA DA IRA DOS IRMANDIÑOS. REFUXIADO EN PORTUGAL, ARGALLOU UNHA ALIANZA COS SEUS INIMIGOS ATA ENTÓN IRRECONCILIABLES CO FIN DE ATACAREN A IRMANDADE. A ALIANZA ESTABA FORMADA POR FONSECA, ARCEBISPO DE COMPOSTELA, O CONDE DE LEMOS E EL MESMO, CO APOIO DO REI DE PORTUGAL, AFONSO V.



ESTA É A IDEA, MAIS NECESITO O VOSO APOIO.

REMATEMOS DUNHA VEZ CON ESTA PRAGA DE IRMANDIÑOS.

PODEMOS CONTAR CONVOSCO?




EN COMPOSTELA REÚNESE COAS TROPAS DE FONSECA. TIÑAN A CIDADE SITIADA, MAIS NON ATACABAN.



RECRIMINANDO A COVARDÍA DOS SITIADORES, PEDRO MADRUGA (VESTIDO HUMILDEMENTE PARA NON CHAMAR A ATENCIÓN) INICIA O ATAQUE!



NA QUE SE COÑECERÍA COMO BATALLA DE COMPOSTELA, O USO DE ARCABUZES FOI FUNDAMENTAL PARA A VITORIA.



DO OUTRO LADO... 10 000 IRMANDIÑOS

BATALLA DE COMPOSTELA



MAIS AS ANDANZAS DE MADRUGA NON REMATAN AQUÍ. EN 1474 MORRE O REI HENRIQUE IV: ESTALA UNHA GUERRA POLA SUCESIÓN. PEDRO MADRUGA APOIABA A LEXÍTIMA HERDEIRA: XOANA, FILLA DO REI. MAIS A MAIOR PARTE DA NOBREZA GALEGA DECANTOUSE POLA SÚA TÍA E RIVAL, ISABEL, QUE FINALMENTE REINARÍA.

CONCÉDOVOS O HONORABLE TÍTULO DE CONDE DE CAMINHA.

TAMÉN AS MIÑAS TROPAS PARA ATACARDES E DOMINARDES O SUR DE GALICIA.



É UN HONOR, MEU SEÑOR.



OS IRMANDIÑOS FORON DERROTADOS E CONDENADOS A RECONSTRUÍREN OS CASTELOS QUE DERRUBARAN.

TUI, BAIONA, VIGO, PONTEVEDRA, PADRÓN... TODAS CAERON EN PODER DE PEDRO DE SOUTOMAIOR. O CASTELO DE SOBROSO TAMÉN ESTABA ENTRE OS SEUS OBXECTIVOS.



CASTELO DE SOBROSO

MAIS FOI CAPTURADO CUNHA TRAMPA TENDIDA POLO CONDE DE BENAVENTE. CON OCASIÓN DA SÚA LIBERACIÓN, TRAS A NEGOCIACIÓN POR PARTE DO REI DE PORTUGAL, OS SEUS RIVAIS XA RECUPERARAN TODO O QUE LLES GAÑARA SOUTOMAIOR. MAIS ESTE NON SE RENDEU E VOLVEU ÁS ARMAS: MEMSO O BISPO DE TUI FOI SECUESTRAO! COA DECISIÓN DE «DOMAR» O CONDE, OS REIS CATÓLICOS VANLLE CEDER OS SEUS TÍTULOS E DOMINIOS AO SEU FILLO, ÁLVARO DE SOUTOMAIOR. PEDRO MARCHARÁ ÁS TERRAS DE SALAMANCA, A ALBA DE TORMES, BUSCANDO O FAVOR DOS REIS, MAIS DURANTE A VIAXE OS SEUS DÍAS CHEGAN Á FIN.



IGREXA MATRIZ DE VILA DO CONDE

NOVAS PÁXINAS PARA A HISTORIA, POR CAMIÑOS SEPARADOS: GALICIA, SEN AUTONOMÍA, CUNHA NOVA ARISTOCRACIA ESTRANXEIRA, E SOMETIDA AO GOBERNO CENTRALISTA DOS REIS CATÓLICOS. PORTUGAL, NO ESPLENDOR DOS DECUBRIMENTOS E O EXUBERANTE ESTILO MANUELINO. PERO AÍND A QUEDAN CAPÍTULOS POR CONTAR...

III

DA MORTE DE ENRIQUE DE PORTUGAL Ó FINAL DA DICTADURA DE SALAZAR (1580 - 1974)

TEXTOS: VÍCTOR RODRÍGUEZ MUÑIZ
IMAXES: MARTIM CORDOVIL



EN 1580, O REI HENRIQUE DE PORTUGAL MORRE SEN DEIXAR SUCESSOR.

SON TRES OS ASPIRANTES AO TRONO: CATARINA, DUQUESA DE BRAGANÇA; ANTÓNIO, PRIOR DO CRATO, E O REI FILIPE II DE CASTELA. TODOS ELES ERAN NETOS DO REI DON MANUEL.

MAXESTADE...

FALECEU
DON HENRIQUE I
DE PORTUGAL...

FILIPE II DE CASTELA

... E, SEN DEIXAR
SUCESSOR, O TRONO
ESTÁ DISPONÍBLE
PARA A VOSA
MAXESTADE...

O POBO APOIA
A ANTÓNIO DO CRATO,
XA O ACLAMARON EN
VARIAS CIDADES...

... MAIS A NOBREZA
ESPERA VERVOS
NO TRONO, MAXESTADE.

ENTÓN NON
VOU DECEPCIONAR
A ARISTOCRACIA
PORTUGUESA.

VOU TOMAR
O TRONO DE PORTUGAL,
MAIS CONSERVAREI A SÚA
AUTONOMÍA COMO
PAÍS.

MAIS LEMBRE, MAXESTADE,
A ALIANZA ENTRE PORTUGAL
E INGLATERRA, A NOSA INIMIGA.

TEMOS SUFRIDO ATAQUES
DOS SEUS CORSARIOS...
DIRIXIDOS POR...





...FRANCIS DRAKE.

FRANCIS, MEU IRMÁN...
FILIPE II DE CASTELA
TOMOU POSESIÓN DO
REINO PORTUGUÉS...

A SITUACIÓN
É PERIGOSA.

NON ESQUEZAMOS
O INTENTO DE FILIPE
DE DESTRUÍRNOS COA
ARMADA INVENCIBLE...

ASÍ XA NON
PODEMOS CONTAR COA
ALIANZA QUE TIÑAMOS
CON PORTUGAL.



POIS TEMOS NOVAS ORDES DO
REINOIMOS ATACAR A COSTA DE ESPAÑA.
E A DE PORTUGAL...

... AGORA É
INIMIGO NOSO.



ASÍ COMEZOU O ATAQUE Á CORUÑA...

ÀS ARMAS!
ÀS ARMAS!

A FROTA INGLESA
APROXIMA-SE!

MAIS, GRAZAS A UNHA MULLER, MARÍA PITA, ESTE COMBATE
SERÁ LENDARIO!



SCHKI
SCHKI!

QUE NON, MARÍA! XA CHE
DIXEN QUE QUEDAS AQUÍ,
EN LUGAR SEGURO!



NON VOU QUEDAR AQUÍ
DE BRAZOS CRUZADOS
A MIRAR COMO ATACAN
O MEU LARI!



NON ESTOU PREPARADO
PARA VER A MIÑA MULLER
MORRER...



E MARÍA, IRREVERENTE...

... VAI AXUDAR O SEU HOME
NO CAMPO DE BATALLA...



... AÍNDA QUE SERÍA DEMASIADO TARDE.



UNHA MULLER?
ESTE NON É LUGAR PARA TI...
FUXE MENTRES POIDAS.



A CORUÑA XA NON
VOS PERTENCE...



SNAP!



INSPIRADOS NA IMAXE DE MARÍA PITA,
A CORUÑA LOGRARÍA A VITORIA!

QUEN TEÑA HONRA
QUE ME SIGA!!

MAIS O PERIGO INGLÉS NON DESAPARECERA.
ERA PRECISO PROTEXER A COSTA.

UN LUGAR ESTRATÉXICO POLAS SÚAS CONDICIÓN NATURAIS
ERA A RÍA DE FERROL. PARA PROTEXER A SÚA ENTRADA
CONSTRUÍRONSE OS CASTELOS DE SAN FILIPE E DE PALMA,
UN A CADA BEIRA DA RÍA.



NA COSTA PORTUGUESA LEVANTÁRONSE FORTALEZAS PARA DEFENDERSE DE QUEM
ATA POUCO ANTES FORA ALIADO. MAIS ESTES MESMOS FORTES HABÍAN DE SERVIR
PARA DEFENDER PORTUGAL DE QUEM MANDABA CONSTRUÍLOS: CASTELA...

O DESCENTENHO DOS PORTUGUESES DEBIDO AOS ALTOS
IMPOSTOS, ASÍ COMO A EXCESO DE PODER DOS CASTELÁNS
EN LISBOA, ESTABA A AUMENTAR.

... E ASÍ, O 1 DE DECEMBRO DE 1640, PROCLAMAN
REI O DUQUE DE BRAGANÇA: DON JOÃO IV!



CASTELA, OCUPADA COA REVOLTA CATALÁ, NON
PUIDO REACCIONAR A TEMPO. PORTUGAL ERA
INDEPENDENTE OUTRA VEZ.

MAIS A INDEPENDENCIA FOI A TROCO DE MOITO SANGUE...
ONTE VECIÑOS E HOXE INIMIGOS, A FRONTEIRA FOI
TESTEMUÑA DUNHA GUERRA DE DESTRUCCIÓN.

OS ECOS DESTA GUERRA AÍNDA RESOABAN CANDO CASTELA ENTRA NUN NOVO CONFLITO. EN 1700, COA MORTE DE CARLOS II SEN DEIXAR HERDEIRO, FILIPE DE BORBÓN PROCLÁMASE REI.

MAIS NON ERA O ÚNICO CANDIDATO: CARLOS DE AUSTRIA TAMÉN PRETENDÍA O TRONO. É UNHA GUERRA EUROPEA: FRANCIA E CASTELA CONTRA INGLATERRA E AUSTRIA. E AS AUGAS DA RÍA DE VIGO SERÁN TESTEMUÑA DUNHA DAS BATALLAS MÁIS ENCARNIZADAS DESTE CONFLITO.



DAS COLONIAS AMERICANAS DE CASTELA PARTEN 19 BARCOS DA FROTA DAS INDIAS CARGADOS DE INFINITAS RIQUEZAS. VEÑEN ACOMPAÑADOS DE 23 BUQUES FRANCESSES PARA DEFENDELLOS DE ATAQUES PIRATAS.

O DESTINO DA FROTA ERA CÁDIZ, PERO ANTE A NOTICIA DE QUE UNHA ESCUADRA DE INGLESES E HOLANDESES CAPITANEADA POR GEORGE ROOKE ESTABA Á ESPERA NO CABO DE SAN VICENTE, TOMAN RUMBO A VIGO.

O 22 DE SETEMBRO DE 1702, OS BUQUES ENTRAN NA RÍA E, DURANTE UN MES, O OURO E A PRATA DESCÁRGANSE DOS BARCOS E FORTIFÍCASE A RÍA.



OS INGLESES, QUE ATACARAN CÁDIZ SEN ÉXITO, ESTÁN AVISADOS DO NOVO DESTINO DA FROTA ESPAÑOLA. O 22 DE OUTUBRO CHEGAN A VIGO NA PROCURA DUNHA VITORIA DOADA E UN MAGNÍFICO TESOURO.

RECIBIDOS CUNHA CHUVIA DE PÓLVORA, AS NAVES INGLESES CONSEGUEN ROMPER A BARREIRA E ENTRAR NA RÍA. NO DESEMBARCO, OS SEUS HOMES TOMAN RANDE E OS CANÓNS APUNTAN ENTÓN AOS FRANCESSES.



CONSCIENTE DA DERROTA, O XENERAL FRANCÉS CHÂTEAURENAULT ORDENOU QUEIMAR OS SEUS PROPIOS BARCOS.



FOI UNHA VITORIA ESMAGADORA PARA OS INGLESES. NOS BARCOS CAPTURADOS QUEDABA POUCO DAS RIQUEZAS ESPERADAS, MAIS O OURO E A PRATA QUE CONSEGUIRON PASARÍA POLAS MANS DE ISAAC NEWTON...



NAQUEL MOMENTO, ERA ESTE CIENTÍFICO QUE DIRIXÍA A CASA DA MOEDA BRITÁNICA.

A RAÍÑA ANA ORDENOU QUE AS MOEDAS ALCUÑADAS CON ESA PRATA LEVASEN A INSCRICIÓN «VIGO» PARA LEMBRAR ESTA VITORIA NA BATALLA DE RANDE, COÑECIDA POLOS INGLESES COMO A BATALLA DE VIGO BAY.

FILIPE V, MESMO CON ESTA DERROTA, MANTIVO O TRONO DE CASTELA. CON TODO, ESTE ACONTECEMENTO FIXO QUE SE DECATASE DA IMPORTANCIA DA ACTIVIDADE NAVAL: ASÍ COMEZOU O AUXE DE FERROL. FOI DESIGNADA CAPITAL DO DEPARTAMENTO MARÍTIMO DO NORTE —DE AÍ O SOBRENOME DE CIDADE DEPARTAMENTAL—, E OS SEUS ESTALEIROS ESTIVERON ENTRE OS MÁIS IMPORTANTES DO REINO. COS ESTALEIROS E O ARSENAL NACEU UNHA NOVA CIDADE AO PÉ DA ANTIGA VILA. SERÁ A PRIMEIRA VEZ EN ESPAÑA QUE SE CONSTRÚE CON DESEÑO ORTOGONAL E CRITERIOS DE URBANISMO RACIONALISTA.



ASÍ CHEGARÍAN AS PRIMEIRAS LUCES DA ILUSTRACIÓN. MAIS, ALÉN DA MODERNIDADE E AS NOVAS IDEAS, TODA A IDADE MODERNA, EN GALICIA E EN PORTUGAL...



PAZO DE RUBIÁNS
(VILAGARCÍA DE AROUSA)



PAZO DE LIÑARES (LALÍN)

... FOI O TEMPO DE ESPLENDOR DUNHA CLASE SOCIAL QUE VIVÍA DAS RENDAS DUNHA TERRA QUE OUTROS TRABALLABAN: OS FIDALGOS.

DAS INDIAS CHEGAN NOVOS CULTIVOS COMO O MILLO. MAIS O VIÑO SEGUE A SER FUNDAMENTAL, E EN 1756 O MARQUÉS DE POMBAL FUNDA A COMPANHIA XERAL DE AGRICULTURA DAS VINHAS DO ALTO DOURO.



PESO DA RÉGUA (VILA REAL)



BODEGA DE VIÑO DO PORTO - GAIA



MOSTEIRO DE OSEIRA

MALIA ESTAR LONXE DO MAR, O MOSTEIRO DE OSEIRA RECIBIRA SÉCULOS ANTES PROPIEDADES NO LITORAL. MOITAS DAS SÚAS RENDAS PAGÁBANSE EN PEIXE... E EN POLBO! CANDO NO SÉCULO XVII OS MONXES COMEZAN A CELEBRAR UNHA FEIRA NOS LÍMITES DO SEU COUTO —ASÍ NACERÍA O CARBALLIÑO—, O POLBO CONVÉRTESE NUNHA TRADICIÓN IMPRESCINDIBLE!



POLBO

E NAS ARTES PREDOMINA O ESTILO BARROCO, CARGADO DE LUXO E ORNAMENTACIÓN.



FACHADA DO OBRADOIRO
DA CATEDRAL DE SANTIAGO



IGREXA DE PODOENCE
(MACEDO DE CAVALEIROS)



PASAN OS ANOS. ENTRAMOS XA NO SÉCULO XIX,
CUN PROTAGONISTA INDISCUTIBLE...

PALACIO DE FONTAINEBLEAU, 26 DE OUTUBRO DE 1807

... NAPOLEÓN BONAPARTE.

É PRECISO DEBILITAR
A ECONOMÍA DE INGLATERRA.

PORTUGAL É O SEU ALIADO
E SOCIO COMERCIAL. TEREI QUE
ATACAR O PAÍS E INTERROMPER
OS SEUS INTERCAMBIOS
COMERCIAIS.

O REINO DE ESPAÑA
OFRÉCESE A AXUDAR.
PERMITIRÉMOSLLE O PASO
AO SEU EXÉRCITO...

... PARA QUE ENTRE
EN PORTUGAL.

MANUEL GODOY, ENVIADO DO REI
CARLOS IV DE ESPAÑA

A INVASIÓN NON TARDOU: DESDE O NORTE, POR VALENÇA, AS TROPAS ESPAÑOLAS ENTRAN CARA AO PORTO, QUE CAERÁ RÁPIDO. OS FRANCESES, DESDE ALCÁNTARA, DIRIXENSE A LISBOA. A VITORIA FOI RÁPIDA E A FAMILIA REAL PORTUGUESA FUXIU AO BRASIL.

MAIS EN ESPAÑA, ONDE O REI ACABA DE ABDICAR EN FAVOR DO SEU FILLO, FERNANDO VII, O POBO COMEZA A REBELARSE CONTRA OS ABUSOS DAS TROPAS FRANCESES. TODO EMPEORA CANDO O NOVO MONARCA RENUNCIA E NAPOLEÓN COLOCA O SEU IRMÁN XOSÉ —POR MOI MODERADO E ILUSTRADO QUE FOSE— COMO REI DE ESPAÑA.

ESTAMOS EN 1808: COMEZA A GUERRA DA INDEPENDENCIA.

AO DECATARSE DA SITUACIÓN EN ESPAÑA, O PRÍNCIPE
JOÃO DECLÁRALLE A GUERRA AO FRANCÉS
DESDE O BRASIL...

A REVOLTA NON TARDA EN CHEGAR...

... O 18 DE XUÑO, O POBO AMOTÍNASE NO PORTO,
ONDE DERROTAN AS TROPAS INVASORAS...



... E CO DESEMBARQUE
DAS TROPAS INGLESAS A
CARGO DE WELLESLEY
EN FIGUEIRA DA FOZ,
QUEDA SENTENCIADA A
OCUPACIÓN FRANCESA DE
PORTUGAL: JUNOT, Á
CABEZA DO EXÉRCITO
FRANCÉS, ASINA O
ARMISTICIO.



PORÉN, O PANORAMA DA GUERRA
VAISE COMPLICAR COA CHEGADA
Á PENÍNSULA DO MESMÍSIMO
NAPOLEÓN Á FRONTE DA
GRANDE ARMÉE.



RETIRÁNDOSE POR CASTELA, AS TROPAS INGLESAS DE JOHN MOORE,
PERSEGUIDAS POLOS FRANCESES, BUSCAN O PORTO DA CORUÑA PARA
EMBARCAREN, MAIS O MAL TEMPO NON LLELO PERMITE...



DESESPERADOS, DERRIBAN A PONTE DO BURGO PARA FREAR O ATAQUE FRANCÉS
POLA RETAGARDA. AÍND A SÍ, A BATALLA FOI INEVITABLE...

MOORE FOI FERIDO POR UNHA BALA DE
CANÓN, E O SEU CORPO SERÍA
ENTERRADO XUSTO AQUÍ, NA CORUÑA,
ONDE AÍND A DESCANSA...



VAL DE ELVIÑA, XANEIRO DE 1809.



A VITORIA DE SOULT NA CORUÑA PERMITE A OCUPACIÓN FRANCESA DE GALICIA.

CON CERVEIRA E VALENÇA BEN DEFENDIDAS POLOS PORTUGUESES, SOULT DECIDE ENTRAR EN PORTUGAL POLO TÁMEGA. DESPOIS DUNHA VITORIA ESMAGADORA NA BATALLA DA TREPÁ, DIRÍXESE A CHAVES CON 23 000 HOMES.


CASTELO DE CHAVES



O 29 DE MARZO, SOULT CARGA CONTRA O PORTO E SUPERA A FEBLE RESISTENCIA DAS TROPAS PORTUGUESES.

OS RESIDENTES DO PORTO FOXEN A TRAVÉS DA PONTE DAS BARCAS, UNHA PONTE CREADA SOBRE BARCAZAS PARA MAIOR CIRCULACIÓN DE PERSOAS E MERCANCÍAS, MAIS CENTOS DELAS MORREN CANDO ESTA CEDE.

PONTE DAS BARCAS



DO 18 DE ABRIL AO 2 DE MAIO, AS TROPAS FRANCESAS ATACAN AMARANTE.


OS PORTUGUESES, LIDERADOS POR SILVEIRA, BLOQUEAN PONTES E VAOS NO TÁMEGA. DESPOIS DE TRES SEMANAS SEN ÉXITO, OS FRANCESES OPTAN POR QUEIMAR A VILA. O 21 DE ABRIL SON EXPULSADOS OS PROTECTORES DO CONVENTO DE SÃO GONÇALO, E O 2 DE MAIO FAN ESTOUPAR BARRÍS DE PÓLVORA PARA VENCER A DEFENSA DA PONTE.

PONTE DE S. GONÇALO, AMARANTE



DESPOIS DUNHA CAMPAÑA DE GUERRILLA, AS TROPAS FRANCESAS ABANDONAN A VILA. O 13 DE MAIO, OS PORTUGUESES RECUPERAN AMARANTE.

O 12 DE MAIO, SOULT TRATABA DE IMPEDIRLLES AOS INGLESES A PASAXE DESDE O SUR DO RÍO DOURO. PARA FACILITAREN A PASAXE DOS INGLESES, A POBOACIÓN DO PORTO LANZA TODO O QUE PODE AO RÍO. DERROTADOS, SOULT E AS SÚAS TROPAS FOXEN POR CAMIÑOS DA SERRA LEVANDO CON ELES UNICAMENTE PROVISIÓNS E MUNICIÓN.



ENTREMENTRES, VIGO FORA TOMADA POLOS FRANCESES. A POBOACIÓN REBELOUSE E LANZOUSE Á RECONQUISTA DA CIDADE LIDERADA POR BERNARDO GONZÁLEZ DEL VALLE, CACHAMUÍÑA, NATURAL DE OURENSE. A PESAR DE QUEDAR FERIDO NO ATAQUE Á PORTA DA GAMBOA, QUE ABRIU A MACHADAZOS, FOI NOMEADO GOBERNADOR DA CIDADE. EN COLABORACIÓN CO COMANDANTE PORTUGUÉS ALMEIDA, LOGRARON LIBRARSE DA PRESENZA FRANCESA NA CIDADE. GALEGOS E PORTUGUESES LOITABAN ENTÓN XUNTOS CONTRA O INIMIGO COMÚN.

FINALMENTE, O 7 DE XUÑO, O COMANDANTE MICHEL NEY E O SEU BATALLÓN FRANCÉS, TRATANDO DE IR DE PONTEVEDRA A VIGO, VEN COMO LLE CORTAN O CAMIÑO NA PONTE SAMPAIO, CANDO A MILICIA ESPAÑOLA CORTA DOUS DOS ARCOS DA PONTE. ANTE A IMPOSIBILIDADE DE ATRAVESAREN O RÍO, O 9 DE XUÑO DÁSE A ORDE DE RETIRADA A COMPOSTELA.

A SAÍDA FINAL DAS TROPAS FRANCESAS É POR VALDEORRAS, E ASÍ REMATAN AS INVASIÓNS DE NAPOLEÓN EN PORTUGAL E GALICIA!



MESMO EN TEMPOS DE PAZ, A SITUACIÓN EN PORTUGAL NON ERA A MÁIS FAVORABLE. O REI PERMANECÍA NO BRASIL MENTRES O PAÍS ERA CONTROLADO POR UNHA XUNTA INGLESA. MAIS AS NOVAS IDEAS LIBERAIS COMEZABAN A ABRIRSE CAMIÑO...

EN 1820, A REVOLUCIÓN DO PORTO ESIXIRÁ QUE SE CONSTITÚAN UNHAS CORTES PARA REDACTAR UNHA CONSTITUCIÓN SEMELLANTE Á ESPAÑOLA DAS CORTES DE CÁDIZ DE 1812. ASÍ NACERÁ A CONSTITUCIÓN DE 1822.

EN 1826, COA MORTE DE JOÃO VI, DON PEDRO PROCLÁMASE OS SEU SUCESOR. PORÉN, SENDO TAMÉN IMPERADOR DO BRASIL (QUE SE INDEPENDIZARA DE PORTUGAL EN 1822), ABDICARÍA EN FAVOR DA SÚA FILLA, DONA MARIA, QUE SÓ TIÑA 7 ANOS.



O TÍO DA RAPAZA, DON MIGUEL, SERÁ O REXENTE... E, PARA SELAR A PAZ, ACÓRDASE O MATRIMONIO ENTRE SOBRÍÑA E TÍO. PERO SÓ DOUS ANOS DESPOIS, MIGUEL É PROCLAMADO REI E ESTABECE UN GOBERNO TRADICIONALISTA E ABSOLUTISTA.

EN 1831 DON PEDRO DECIDE VOLVER DO BRASIL CONQUISTADOS OS AZORES, DESEMBARCA EN MATOSINHOS EN XULLO DE 1832 E DESPOIS DIRÍXESE AO PORTO. COMEZA A GUERRA! OS PEDRISTAS LIBERAIS ATRINCHÉIRANSE E QUEDAN RODEADOS DE ABSOLUTISTAS PARTIDARIOS DO REI MIGUEL. AO SUR DO DOURO, SÓ O MOSTEIRO DA SERRA DO PILAR ESTÁ EN MANS DOS LIBERAIS.




MOSTEIRO DA SERRA DO PILAR (VILA NOVA DE GAIA)

O CERCO ERA FIRME, PERO DESPOIS DE MOITOS INTENTOS, UN BARCO É CAPAZ DE QUEBRAR A BARRA DO DOURO E DIRIXIRSE AO ALGARVE, ONDE OBTENÉN APOIOS PARA AVANZAR ATA LISBOA, QUE SE ENTREGA SEN RESISTENCIA ÁS FORZAS DE DON PEDRO.

DESPOIS DE VARIAS BATALLAS, AS TROPAS LIBERAIS CHEGAN AO PORTO EN AGOSTO DE 1833. O ASEDIO DURARA MÁIS DUN ANO! AO FINAL, AS TROPAS DO MARISCAL SALDANHA VENCEN OS ABSOLUTISTAS QUE, DE RETIRADA, ORDENAN QUEIMAR AS BODEGAS DE VIÑOS DO PORTO EN GAIA. PERDÉRONSE 17 374 BOCOIS DE VIÑO...




... MAIS A RESISTENCIA E O TRIUNFO DA CAUSA LIBERAL OUTORGOLLE AO PORTO O SOBRENOME DE CIDADE INVICTA.




MENTRES, EN ESPAÑA, EN 1814 FERNANDO VII RECUPERARA O TRONO. IDEALIZADO POLO POBO, NON TARDOU EN DEFRAUDAR AS EXPECTATIVAS: NEGOUSE A GOBERNAR CONFORME A CONSTITUCIÓN E REGRESOU AO ABSOLUTISMO MÁIS REACCIONARIO.

OS LIBERAIS TIÑAN POUCAS POSIBILIDADES DE FACERSE ESCOITAR. EN 1820 LOGRAN RESTAURAR A CONSTITUCIÓN E ESTABLECER UN GOBERNO LIBERAL. NO ENTANTO, DESPOIS DE SÓ TRES ANOS, O REI RECIBE AXUDA DOS SEUS ALIADOS: UN EXÉRCITO EUROPEO, O DOS CEN MIL FILLOS DE SAN LUÍS, VIRÁN LOITAR POLO REGRESO DO ABSOLUTISMO. A CORUÑA, CIDADE DE TRADICIÓN LIBERAL, FOI SITIADA ATA QUE SE RENDEU.

CO REINADO DE ISABEL II CONTINUÁN AS REIVINDICACIÓNS, MAIS CUN TRISTE DESTINO. EN 1846, PRIMEIRO EN LUGO E DESPOIS EN SANTIAGO, HOUBO SUBLEVACIÓNS PARA RECLAMAR UN TRATO XUSTO PARA GALICIA, «VERDADEIRA COLONIA DA CORTE».




MIGUEL SOLÍS, LÍDER DA SUBLEVACIÓN.



O GOBERNO NON TARDOU EN ENVIAR TROPAS PARA SUFOCAR A SUBLEVACIÓN. OS SEUS PROTAGONISTAS FORON AXUSTIZADOS: SON OS MÁRTIRES DE CARRAL.

A LOITA FOI MÁIS FRUTÍFERA NA DEFENSA DA LINGUA E DA CULTURA. DESPREZADA DURANTE MOITO TEMPO, PROHIBIDA MESMO, NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX XORDE UN MOVEMENTO DE RECUPERACIÓN DA LINGUA GALEGA:

O REXURDIMENTO.



ROSALÍA DE CASTRO, POETA E FIGURA IMPRESCINDIBLE DO REXURDIMENTO.



A ACTIVIDADE CULTURAL CONTINUOU E CHEGARÁ AO SEU APOXEIO NAS PRIMEIRAS DÉCADAS DO SÉCULO XX, COAS IRMANDADES DA FALA E A ACTIVIDADE DO GRUPO NÓS.

CON ISABEL II TAMÉN SE ESTABLECEN OFICIAL E DEFINITIVAMENTE AS FRONTEIRAS ENTRE GALICIA E PORTUGAL MEDIANTE O TRATADO DE LISBOA DE SETEMBRO DE 1864.

RAÍÑA ISABEL II



ESTE ACORDO PÚXOLLES FIN A DÚAS SITUACIÓNS CURIOSAS: AS ALDEAS PROMISCUAS: SOUTELIÑO, CAMBEDO E LAMADARCOS, CUNHA PARTE EN GALICIA E OUTRA EN PORTUGAL, E QUE SE INCORPORAN AO MUNICIPIO DE CHAVÉS...

... E ADHESIÓN A GALICIA DUN TERRITORIO INDEPENDENTE ENTRE A LIMIA GALEGA E O BARROSO PORTUGUÉS: O COUTO MIXTO.




... E ESTE TERRITORIO, O COUTO MIXTO?

MAXESTADE, ANTES ERA UN TERRITORIO INDEPENDENTE, E AGORA QUEDA ANEXADO A GALICIA.

PODÍAN DAR ASILO A ESPAÑOIS OU PORTUGUESES.

AS TRES ALDEAS DECIDÍAN O SEU GOBERNO...

... E ESTABAN EXENTOS DE IMPOSTOS.




O TRÁNSITO AO SÉCULO XX FOI UN PERÍODO CONVULSO, UNHA ÉPOCA DE RÁPIDOS CAMBIOS POLÍTICOS.

EN PORTUGAL, DESDE A SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX, APLICÁBASE O ROTATIVISMO, A ALTERNANCIA NO PODER ENTRE O PARTIDO MODERADO E O PROGRESISTA, COA IDEA DE SATISFACER A TODOS OS SECTORES E ALCANZAR A ESTABILIDADE. O DESCONTENTO CRECE E O RÉXIME DITATORIAL DE JOÃO FRANCO AÍNDAA EMPEORA. EN 1908, O REI CARLOS I E O PRÍNCIPE HERDEIRO MORREN NUN ATENTADO EN LISBOA, E O NOVO MONARCA, MANUEL II, NON DÁ REVERTIDO A SITUACIÓN: EN 1910 PROCLÁMASE A REPÚBLICA PORTUGUESA.

CON TODO, ESTE É UN PERÍODO INESTABLE QUE CONDUCIRÁ AO GOLPE DE ESTADO DE 1926 E Á DITADURA DE ÓSCAR CARMONA. A CRISE ECONÓMICA AGRÁVASE, E GAÑA IMPORTANCIA A FIGURA DE ANTÓNIO DE OLIVEIRA SALAZAR, QUE A PARTIR DE 1932 SERÁ O XEFE DO GOBERNO. ASÍ NACE A DITADURA SALAZARISTA, O ESTADO NOVO.

EN ESPAÑA, APÓS UN BREVE PERÍODO REPUBLICANO, AFONSO XII É PROCLAMADO REI, E TAMÉN COMEZA A ALTERNANCIA ENTRE CONSERVADORES E LIBERAIS. A PERDA DAS COLONIAS EN 1898 E OS PROBLEMAS NO NORTE DE ÁFRICA PROVOCAN UNHA GRAVE CRISE POLÍTICA. O NOVO REI, AFONSO XIII, CONFÍALLE O GOBERNO AO XENERAL MIGUEL PRIMO DE RIVERA, QUE ACABARÁ DANDO UN GOLPE DE ESTADO. AÍNDAA QUE FOI DESTITUÍDO EN 1930, O DESPRESTIXIO PROVOCARÁ QUE NAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 1931 GAÑEN OS PARTIDOS REPUBLICANOS NAS CIDADES. O 14 DE ABRIL DE 1931 PROCLÁMASE A SEGUNDA REPÚBLICA. EN 1936, UNHA COALICIÓN DE TODAS AS ESQUERDAS CHEGA AO PODER.

EN GALICIA, ESTA VITORIA DA FRONTE POPULAR ABRE A PORTA Á APROBACIÓN DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA POLO QUE SE LOITARA DURANTE MOITO TEMPO. OS POLÍTICOS GALEGUISTAS, COMO CASTELAO, FAN UNHA CAMPAÑA MOI INTENSA PARA OBTEN O SI NO REFERENDO. O RESULTADO SERÁ ESMAGADOR A FAVOR DA AUTONOMÍA.



CON TODO, A LEDICIA LOGO QUEDARÁ TRAXICAMENTE INTERROMPIDA. O 18 DE XULLO DE 1936 PRODÚCESE O GOLPE FASCISTA E COMEZA A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA, QUE DURARÁ ATA 1939. AS UNIDADES MILITARES PARTIDARIAS DE FRANCISCO FRANCO NON TARDARÁN MOITO EN CONTROLAR GALICIA, ONDE NON HOUBO PROPIAMENTE UNHA GUERRA: O 20 DE XULLO, GALICIA QUEDABA BAIXO O PODER DOS SUBLEVADOS. MAIS ISO NON A LIBROU DO HORROR DA VIOLENCIA E DA TERRIBLE REPRÉSÍÓN.

ESTE É STEFAN ZWEIG, UN DOS AUTORES MÁIS PRESTIXIOSOS DE EUROPA NO MOMENTO. XUDEU AUSTRIACO, EXILIADO EN LONDRES TRAS O ASCENSO DO NAZISMO, NO VERÁN DE 1936 EMBARCOU NUNHA VIAXE AOS ESTADOS UNIDOS. A SÚA TRAVESÍA LEVARÍAO A VIGO...



E ESCRIBIRÍA: «DIANTE DO CONCELLO, ONDE ONDEABA A BANDEIRA DE FRANCO, ESTABAN DE PÉ E FORMADOS EN FILA UNS MOZOS, NA SÚA MAIORÍA GUIADOS POR CREGOS E VESTIDOS COAS SÚAS ROUPAS DE LABREGOS [...]»



«NESE MOMENTO NON COMPRENDÍN PARA QUE OS QUERÍAN. [...] MAIS AO CABO DUN CUARTO DE HORA VINOS SAÍR DO CONCELLO COMPLETAMENTE TRANSFORMADOS. LEVABAN UNIFORMES NOVOS E RELUCENTES, FUSÍS E BAIONETAS; BAIXO A VIXILANCIA DUNS OFICIAIS, FORON CARGADOS EN AUTOMÓBILES IGUALMENTE NOVOS E RELUCENTES E SAÍRON COMA UN RAI DA CIDADE.»

«ONDE VIRA EU ISTO ANTES? PRIMEIRO EN ITALIA, E DESPOIS EN ALEMAÑA! [...] QUEN FORNECE E PAGA ESES UNIFORMES NOVOS? QUEN ORGANIZA ESES COITADOS MOZOS ANÉMICOS? QUEN OS EMPURRA A LOITAR CONTRA O PODER ESTABLECIDO, CONTRA O PARLAMENTO ELIXIDO, CONTRA OS REPRESENTANTES DO SEU PROPIO POBO? [...] OS INSTIGADORES OCULTOS PROVÍAN DE ARMAS A AQUELES RAPAZOTES NOVOS E INOCENTES E LANZÁBANOS CONTRA OUTROS RAPAZOTES TAMÉN NOVOS E INOCENTES DA SÚA PROPIA PATRIA.»



ERA UNHA VONTADE DE IMPOR A FORZA QUE [...] QUERÍA ESTENDER POLA NOSA INFAUSTA EUROPA A VELLA BARBARIE DA GUERRA.»

...E A GUERRA CHEGOU... NA II GUERRA MUNDIAL PORTUGAL E ESPANHA FORAM, OFICIALMENTE, NEUTRAIS. MAS A GALIZA DESEMPEÑOU UM PAPEL ESTRATÉGICO. O MAIOR INTERESSE ESTAVA NAS ENTRANHAS DA TERRA, NO VOLFRÂMIO UTILIZADO NO FABRICO DE ARMAMENTO E NA BLINDAGEM DOS TANQUES DE COMBATE PANZER. A SUA PROCURA FOI ENORME, DO MONTE NEME (CARBALLO) ATÉ ÀS MINAS DOS CARRIS NO GERÊS. A PRODUÇÃO DO MINÉRIO NA DÉCADA DE 1940 MULTIPLICOU, MAS O TRABALHO ERA MUITO DURO; MUITOS PRESOS RETALIADOS TIVERAM DE TRABALHAR EM MINAS GERIDAS EM BOA VERDADE PELOS ALEMÃES, COMO A DE VALBORRAZ, EM VALDEORRAS.



MINA DE VOLFRAMIO (CASAIO, VALBORRAZ)



PRISIÓN POLÍTICA NA ILLA DE SAN SIMÓN (RÍA DE VIGO)

O FRANQUISMO CONTINUABA COAS PERSECUCIÓNS E OS CASTIGOS: A REPRESIÓN CONTRA A ESQUERDA E O GALEGUISMO FOI BRUTAL E SISTEMÁTICA. MOITAS PERSOAS EXILIÁRONSE OU FUXIRON. OUTRAS NON TIVERON TAL SORTE. HABÍA VERDADEIROS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN E PRISIÓN POLÍTICAS, COMO EN CAMPOSANCOS, NA GUARDA, E NA ILLA DE SAN SIMÓN.

MOITOS NON VIVIRON PARA CONTAR A SÚA HISTORIA: FORON CRUELMENTE ASASINADOS CONTRA OS MUROS DOS CEMITERIOS.

NAS SERRAS DE CHAVES REFUXIÁBANS VARIOS GRUPOS GUERRILLEIROS DESPOIS DO GOLPE DE ESTADO. EN 1946, COA FIN DA GUERRA MUNDIAL, ESTABA PREVISTA UNHA XUNTANZA PARA DEFINIR OBTXECTIVOS E ESTRATEXIAS NO NOVO CONTEXTO. MAIS NESTES GRUPOS INFILTRÁRANSE AXENTES DA GARDA CIVIL...

ALERTADOS DA EMBOSCADA QUE SE ESTABA A PREPARAR, MOITOS DOS COMBATENTES CONSEGUIRON ESCAPAR E AGOCHARSE. MAIS NON TODOS: A GUERRILLA DE CAMBEDO NON PUIDO SER AVISADA. O 19 DE DECEMBRO DE 1946, OS AXENTES DA GARDA CIVIL, DA GNR E MESMO DA PIDE RODEAN A GUERRILLA DE CAMBEDO, QUE RESISTIU O QUE PUIDO. A BATALLA REMATOU CON VARIOS COMBATENTES MORTOS, 65 DETIDOS —ENTRE GUERRILLEIROS E VECIÑOS DA ALDEA— E CASAS DESTRUÍDAS...



MAIS ESPECTACULAR FOI A OPERACIÓN DULCINEA, QUE QUERÍA DEMOSTRAR A OPOSICIÓN ÁS DÚAS DITADURAS IBÉRICAS, POR VOLTA DE 1961. CO FIN DE ATRAER A ATENCIÓN INTERNACIONAL, PLANEOUSE O SECUESTRO DO BUQUE SANTA MARIA.

ESTAMOS TODOS?



HENRIQUE GALVÃO



XOSÉ FERNÁNDEZ, SOTOMAYOR



HUMBERTO DELGADO



XOSÉ VELO

CARACAS (VENEZUELA). REÚNENSE ESTES CATRO MEMBROS DA DRIL: DIRECTORIO REVOLUCIONARIO IBÉRICO DE LIBERACIÓN.


NON PODEMOS ADIAR MÁIS A NOSA ACCIÓN. PERDEMOS DEMASIADO TEMPO POR NON ACEPTARE AS ARMAS E OS CARTOS QUE NOS OFRECEN.

NUNCA ACEPTAREI A AXUDA DOS COMUNISTAS! AÍNDA QUE ISO NOS OBRIGUE A ACTUARMOS UNICAMENTE COS POCOS RECURSOS QUE TEMOS AGORA!

SEÑORES, ENTÓN RECAPITULEMOS:



* AÍNDA QUE OS 4 TIVISEN EN COMÚN A OPOSICIÓN ÁS DITADURAS IBÉRICAS, AS DIFERENZAS ENTRE ELES NON PODÍAN SER MAIORES: GALVÃO E DELGADO, AÍNDA QUE OPOSTOS A SALAZAR, ERAN MOI CONSERVADORES, E VELO E SOTOMAYOR ERAN ABERTAMENTE COMUNISTAS. ASÍ, O ANTICOMUNISMO DE GALVÃO NON LLE PERMITÍA ACEPTAR AXUDA DOS MOVEMENTOS DE ESQUERDA.



POIS BEN... É IMPERATIVO DÁRMOSLLES VISIBILIDADE A ESTES RÉXIMES
DITATORIAIS IBÉRICOS E PROMOVERMOS A REBELIÓN DAS COLONIAS AFRICANAS!
SENDO ASÍ, COMEZAMOS A OPERACIÓN...

... DULCINEA!



PAQUEBOTE SANTA MARIA
CURAÇAO (ANTILLAS NEERLANDESAS), 21 DE XANEIRO DE 1961

O NOSO OBXECTIVO VAI SER O PAQUEBOTE
SANTA MARIA. SUBIREMOS A BORDO
CLANDESTINAMENTE...

... CANDO NOS AFASTEMOS DA COSTA, DESVIAREMOS A RUTA ATÁ LUANDA.
CON TANTA ATENCIÓN DOS MEDIOS INTERNACIONAIS, AS VOCES DA REVOLTA
NON TARDARÁN EN OÍRSE NAS COLONIAS PORTUGUESAS E ESPAÑOLAS!



O CAPITÁN E OS SEUS HOMES APODÉRANSE DA PONTE DE MANDO, MAIS UN OFICIAL QUE OFRECE RESISTENCIA ACABA PERDENDO
A VIDA. O RESTO DA TRIPULACIÓN RÉNDESE E ACEPTA COLABORAR...

BLOQUÉANSE AS COMUNICACIÓNS DE RADIO PARA OCULTAR AS INTENCIÓNS E O DESTINO... PERO PARA
LEVAR OS FERIDOS A UN HOSPITAL, GALVÃO PON RUMBO Á ILLA DE SANTA LUCÍA. INEVITABLEMENTE,
A INFORMACIÓN DO ACONTECIDO CHEGA A SALAZAR...



... QUE POLA SÚA PARTE (FRANCO OFICIALMENTE NON MOSTRA INTERESE NO ASUNTO E PRESENTAO COMO UNHA CUESTIÓN
UNICAMENTE PORTUGUESA ANTE A OPINIÓN PÚBLICA ESPAÑOLA), CONTACTA COS ESTADOS UNIDOS PARA SOLICITAR AXUDA,
MAIS ESTES NÉGANSE A FACELO ALEGANDO QUE NON ERA PIRATERÍA, SENÓN UNHA ACCIÓN POLÍTICA: ISO SI, ACEPTAN FACER
UN SEGUIMENTO PORQUE HAI CIDADÁNS ESTADOUNIDENSES ENTRE A PASAXE.

COMO NON TIÑAN COÑECEMENTOS DE NAVEGACIÓN, OS SECUESTRADORES TIVERON QUE CONFIAR NO TRABALLO DA TRIPULACIÓN, QUE, MANDADA POLO CAPITÁN MAIA, DECIDEN NAVEGAR EN ZIGZAG PARA EVITAREN OS RADARES E AVISOS, PERO ASÍ TAMÉN PERDEN MÁIS TEMPO E GASTAN MÁIS COMBUSTIBLE.



TRAS CONSEGUIR ÁS AGACHADAS O ENVÍO DE TELEGRAMAS A TERRA, A TRIPULACIÓN LOGRA QUE O SANTA MARIA SEXA LOCALIZADO. NESES MESMOS DÍAS COMEZABA O SEU MANDATO COMO PRESIDENTE DO BRASIL O PROGRESISTA JÂNIO QUADROS, A QUEM GALVÃO CONSIDERA «AMIGO E ALIADO». O 2 DE FEBREIRO, GALVÃO ACEPTA O ASILO POLÍTICO QUE SE LLE OFRECE E LEVA O BARCO AO RECIFE.



E AGORA QUE, MEU CAPITÁN?

AGORA, MEU VALENTE
COMPAÑEIRO, O GOBERNO
DO BRASIL OFRÉCENOS
ASILO.



ACEPTAREMOS.
CONFÍA EN MIN.
O MUNDO XA SABE
O QUE ACONTECEU
AQUÍ. A REVOLUCIÓN
ESTÁ POR CHEGAR...

MALIA A AUSENCIA DE LIBERDADE, UNHA ECONOMÍA FRÁXIL QUE OBRIGABA A UNHA EMIGRACIÓN MASIVA, E MESMO CO DESCONTENTO DA POBOACIÓN PORTUGUESA POR CAUSA DAS GUERRAS COLONIAIS, AS DITADURAS IBÉRICAS SEGUÍAN APARENTEMENTE INAMOVIBLES...

ASÍ E TODO, TAL COMO PREVIRA GALVÃO, A TENTATIVA DE REVOLUCIÓN NON SE ESQUECERÍA E NA MADRUGADA DO 25 DE ABRIL DE 1974...



MOREEEEEEEENA

... A REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS. A DESEXADA LIBERDADE ESTABA MÁIS CERCA QUE NUNCAI

IV

DA REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS ATÉ NOSOS DÍAS (1974 - 2026)

TEXTOS: VÍCTOR RODRÍGUEZ MUÑIZ
IMAXES: NORBERTO FERNÁNDEZ



25 DE ABRIL DE
1974: A REVOLUCIÓN
DOS CARAVEIS.

GRÂNDOLA, VILA
MORENAAAA...

...TERRA DA
FRATERNIDADEEEE...

O POVO É QUEM MAIS
ORDENA...

DENTRO DE TI, Ó CIDADE...



LIBERDADE

ERA O SINAL ESPERADO: AS OPERACIÓNS
MILITARES ESTÁN EN MARCHA, NON HAI VOLTA
ATRÁS. O GOLPE MILITAR —PERO TAN PACÍFICO
QUE O POBO CHEGOU A PÓR CARAVEIS
VERMELLOS NAS BOCAS DOS FUSÍS DOS
SOLDADOS— DOS CAPITÁNS DE ABRIL VAILLE
PÓR FIN A 48 ANOS DE DITADURA EN
PORTUGAL.



JOSÉ (OU ZECA) AFONSO NON SÓ ERA APRECIADO EN PORTUGAL: A SÚA MÚSICA TAMÉN ERA COÑECIDA EN GALICIA. EN MAIO DE 1972, FIXO UNHA XIRA POR OURENSE, LUGO E SANTIAGO. PRECISAMENTE SERÁ NESE CONCERTO COMPOSTELÁN CANDO CANTE GRÂNDOLA, VILA MORENA POR PRIMEIRA VEZ NUN ESPECTÁCULO.

AO MESMO TEMPO, FAUSTO BORDALO, SEN MEDO A CHAMARLLES ÁS COUSAS POLO SEU NOME, CANTABA...

"E ASSIM SE FAZ PORTUGAL,
UNS VÃO BEM E OUTROS MAL"



FAUSTO

GRÂNDOLA,
VILA MORENAAA...

...TERRA DA
FRATERNIDADEEE...

ENTRE OS CANTAUTORES GALEGOS, ENTRE OS MÚSICOS MÁIS COMPROMETIDOS COA LIBERDADE E O DERROCAMENTO DA DITADURA NON FALTAN BOS AMIGOS DO ZECA AFONSO, COMO OS DO MOVIMENTO VOCES CEIBES, QUE O ACOMPAÑARON EN VIAXES E CONCERTOS POR TODA GALICIA. E JOSÉ ZECA AFONSO NON DEIXABA PASAR A OPORTUNIDADE PARA APOIAR A SÚA LOITA...

APROVEITO ESTA OPORTUNIDADE... PARA MANIFESTAR TAMBÉM A MINHA INTEIRA SOLIDARIEDADE COM A LUTA PELO RECONHECIMENTO EFETIVO DA LÍNGUA E CULTURA GALEGAS COMO UMA DAS MAIS RICAS DA PENÍNSULA...



1975 FOI UN ANO MOI DIFERENTE A AMBOS OS LADOS DA FRONTEIRA.

ENTREMENTES, EN GALICIA E EN TODA ESPAÑA A DITADURA DABA OS SEUS ÚLTIMOS ESTERTORES. AS PROTESTAS NA RÚA ERAN MOITAS, E A REPRESIÓN, MOI DURA.

EN PORTUGAL, O GOBERNO MILITAR DECIDIRA ROMPER CON TODO CANTO SIGNIFICABA A DITADURA: A FIN DA PIDE, A TERRIBLE POLICÍA POLÍTICA, RESTABLECER A LIBERDADE DE EXPRESIÓN, RECOÑECER OS PARTIDOS POLÍTICOS...

ESTA É A VITORIA DA LIBERDADE!

MÁRIO SOARES



AÍNDA QUE MOITOS MILITARES TENTARON DAR MARCHA ATRÁS NAS REFORMAS, A DEMOCRACIA CONTINUOU O SEU CAMIÑO: XUSTO UN ANO DESPOIS DA REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS CELEBRÁRONSE ELECCIÓN. ESTE GOBERNO, DE MAIORÍA DE ESQUERDAS, CONXUNTAMENTE CO PSD DE SÁ CARNEIRO, APROBARÁ A CONSTITUCIÓN PORTUGUESA UN ANO MÁIS TARDE. SI, TAMÉN O 25 DE ABRIL!

TEMOS QUE ESTAR UNIDOS.

SÁ CARNEIRO



EN PORTUGAL, A REVOLUCIÓN DERROTARA A DITADURA; EN ESPAÑA, O FINAL CHEGOU COA MORTE DO DITADOR. O 20 DE NOVEMBRO DE 1975 MORRE FRANCO.



COMEZA ASÍ A TRANSICIÓN CARA Á DEMOCRACIA.



O 4 DE DECEMBRO DE 1977, CASE MEDIO MILLÓN DE PERSOAS MANIFESTOUSE NAS CIDADES GALEGAS DEMANDANDO UN PROCESO AUTONÓMICO PARA GALICIA, TAL COMO SE INICIARA EN CATALUÑA E EUSKADI. TRES MESES DESPOIS, O 16 DE MARZO DE 1978, PUBLICOUSE O REAL DECRETO QUE ESTABLECÍA A CREACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.



O 21 DE DECEMBRO DE 1980 APROBOUSE EN REFERENDO.



23 DE FEBREIRO DE 1981... ESPAÑA E GALICIA TREMERON...

O INTENTO DE GOLPE DE ESTADO DE TEJERO AMEAZABA CON TERMINAR COA DEMOCRACIA E AS LIBERDADES. MAIS NON TRIUNFOU.

¡¡¡QUIETO TODO EL MUNDO!!!



AQUEL MESMO ANO, O 20 DE OUTUBRO, GALICIA CELEBRABA AS SÚAS PRIMEIRAS ELECCIÓNS.

QUERO RENDER UNHA FONDA E SENTIDA HOMENAXE A CANTOS GALEGOS DE ONTE E DE HOXE CONTRIBUÍRON Á DEFENSA DA IDENTIDADE DE GALICIA...

EN 1983 APRÓBASE A LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: O GALEGO, TANTO TEMPO PERSEGUIDO, É LINGUA OFICIAL.



FALADE GALEGO!!

XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR



EN 1985 COMEZAN A EMITIR A RADIO GALEGA E A TVG.


SEÑORAS E SEÑORES, MOI BOAS TARDES...

MÁIS ADIANTE, EN 1994, NACERÁ O XABARÍN CLUB, QUE CONECTARÍA COA XENTE MÁIS NOVA GRAZAS A CANCIÓNS DE ROCK EN GALEGO-PORTUGUÉS E SERIES DE ANIMACIÓN INTEGRAMENTE EN GALEGO.

POR FOCIÑOS!
POR CACHEIRAS!




OS TEMPOS MUDARAN.
DAQUELAS DITADURAS QUE
VIVÍAN DE COSTAS A
EUROPA POUCO QUEDABA:
EN 1986, ESPAÑA E
PORTUGAL ADHERÍANSE Á
COMUNIDADE EUROPEA, O
QUE TRAE RÍA UN PERÍODO
DE DESENVOLVEMENTO DAS
INFRAESTRUTURAS.



PORTO DE LEIXÕES

AEROPORTO SÁ CARNEIRO

PORTUGAL ABRÍASE AO MUNDO POR MAR E POR AIRE,
MAIS NON SE ESQUECÍA DE COMUNICARSE CON
GALICIA: EN 1993 INAUGUROUSE A CONEXIÓN DA AP-9,
PASANDO POLA A-55, COA A3.



AUTOESTRADA.

MANUEL PÉREZ

JOSÉ MARÍA AZNAR

FERNANDO GOMES

ANTÓNIO GUTERRES

E CO EIXO ATLÁNTICO, A UNIÓN AÍNDA SERÁ MÁIS SÓLIDA.



NON SÓ CAMBIARA A POLÍTICA. DESDE A CHEGADA DA LIBERDADE E A DEMOCRACIA, A CULTURA, EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS, TERÁ UN PAPEL FUNDAMENTAL NESTA RENOVACIÓN DE GALICIA E PORTUGAL. DEAMOS UN SALTO ATRÁS NO TEMPO PARA DESFRUTALO... 1981. UN TEMPO EN QUE ROCK E PUNK, IMPENSABLES ATA A FIN DAS DITADURAS, VIVÍAN O SEU MÁXIMO ESPLENDOR.



ENTREMENTRES, EN VIGO, ERAN TEMPOS DE MOVIDA. NUN CONTEXTO DE CRISE ECONÓMICA POLA RECONVERSIÓN INDUSTRIAL E NAVAL, DE DESENCANTO POLO CONTINUÍSMO POLÍTICO DA TRANSICIÓN TRAS A DITADURA, DE RUPTURA COA ESTÉTICA E OS SONS ANTERIORES, NA NOITE VIGUESA NACEN DUCIAS DE GRUPOS.

POR ESAS MESMAS DATAS, O CONCERTO DOS RAMONES NA CORUÑA CONTOU CUNS ABRECONCERTOS DESCOÑECIDOS DAQUELA, PERO QUE LEVARÁN O NOME DE OURENSE POLO MUNDO NAS SEGUINTE DÉCADAS: LOS SUAVES.



SINIESTRO TOTAL

AYATOLA...

GOLPES BAJOS



OS RESENTIDOS

FAI UN SOL DE CARALLO...

A SANTA COMPAÑA...

O BOOM DO ROCK PORTUGUÉS
PRODUZIUSE EN 1980. RUI
VELOSO CONQUISTOU UN PAÍS E
DEMOSTROU QUE O ROCK EN
PORTUGUÉS TIÑA O SEU LUGAR
NUN MOMENTO DA HISTORIA EN
QUE TODO PARECÍA QUE
ESTABA POR FACERSE.

EN 1981, NO PORTO, UNHA BANDA, QUE
CHEGARÁ A SER UNHA DAS MÁIS
IMPORTANTES DE PORTUGAL, PUBLICA
OS SEUS PRIMEIROS SINGLES: GRUPO
NOVO ROCK, OS INMORTAIS GNR!



AS SAUDADES QUE EU JÁ TINHA...
DA MINHA ALEGRE CASINHA...

QUERO VER A PORTUGAL
NA CEE...



GNR

XUTOS & PONTAPÉS



CHICO FININHO...
UH, UH, UH...

SEMPRE A ABRIR A NOITE TODA...
SEMPRE A ROCK & ROLAR...



RUI VELOSO



MÃO MORTA

PERO NON SÓ SE ESCOITABA PUNK E ROCK: GALICIA FOI E CONTINÚA A SER TERREO FÉRTIL PARA AS BANDAS DE FOLK: DESDE MILLADOIRO (OU AS LETRAS MILITANTES DE FORTE CRÍTICA SOCIAL DO FOLK DE FUXAN OS VENTOS), ATA A RENOVACIÓN DE BERROGÜETTO OU LUAR NA LUBRE, OU A RECUPERACIÓN DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA.



EN TANTO NO POBO MEDRE...
UN MENIÑO, UN VELLO E UN CANTAR...

SEMENTAR, SEMENTAREL...
LOGUIÑO DE CRAREAR...

PARECE QUE, AÍNDA QUE
GERMÁN COPPINI ASÍ O
CANTASE, NON ERAN...



MALOS TIEMPOS...
PARA LA LÍRICA...

COÑECIDO COMO O MESTRE, MANOEL DE OLIVEIRA FOI O DIRECTOR COA CARREIRA MÁIS LONGA DA HISTORIA DO CINEMA. 84 ANOS ENTRE O DEBUT COMO DIRECTOR (DOURO, FAINA FLUVIAL, EN 1931) E O SEU DERRADEIRO FILME (UM SÉCULO DE ENERGIA, NO 2015).



MANOEL DE OLIVEIRA



1989 É UN ANO CLAVE NA HISTORIA DO CINE GALEGO POLA ESTREA DE TRES LONGAMETRAXES: SEMPRE XONXA, DE CHANO PIÑEIRO, URXA, DE CARLOS LÓPEZ PIÑEIRO E ALFREDO G. PINAL, E CONTINENTAL, DE XAVIER VILLAVERDE.



EN 1980 FÚNDASE EN OURENSE UNHA DAS MÁIS PRESTIXIOSAS COMPAÑÍAS GALEGAS (E EN GALEGO), AÍNDA EN ACTIVO: SARABELA. EN 1984 CRÉASE, COA INTENCIÓN DE DIFUNDIR E NORMALIZAR O GALEGO NOS ESCENARIOS, O PRESTIXIOSO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (CDG).



EN 1981 FÚNDASE A COMPAÑÍA DE TEATRO ART'IMAGEM, QUE INTEGRA ACTUALMENTE TRES XERACIÓNS DE PROFESIONAIS. RESPONSABLE DA PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO DA QUINTA DA CAVERNEIRA, EN ÁGUAS SANTAS, E DA DIRECCIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO DE MAIA, INICIATIVA PROMOVIDA DESDE 1994 POLO CONCELLO DE MAIA.



NOS SETENTA, O CÓMIC GALEGO CHEGA AOS QUIOSCOS CON REVISTAS COMO VAGALUME. NOS OITENTA PROLIFERAN OS FANZINES E OUTRAS PUBLICACIÓNS CON AUTORES COMO XAQUÍN MARÍN E NOVAS PROMESAS QUE CHEGARÁN AO MÁIS ALTO NIVEL INTERNACIONAL, COMO MIGUELANXO PRADO E XULIO DAS PASTORAS.

E QUE A LUMIA DAS LINGUAS MA FOLIA



EN PORTUGAL, A ESTÉTICA CONSERVADORA DEU PASO A DEBUXOS COLORIDOS E A TEMAS POLÍTICOS E LIBERTARIOS. JOSÉ RUY, EUGÉNIO SILVA E JOSÉ GARCÉS SON ALGÚNS DOS AUTORES MÁIS DESTACADOS. O SALÓN INTERNACIONAL DO CÓMIC DO PORTO TIVO A SÚA PRIMEIRA EDICIÓNS EN 1985.

XAQUÍN MARÍN

MIGUELANXO PRADO

DAS PASTORAS

JOSÉ GARCÉS

JOSÉ RUY

EUGÉNIO SILVA

EN PORTUGAL, SÁ CARNEIRO, NATURAL DO PORTO, É ELIXIDO PRIMEIRO MINISTRO DE PORTUGAL (1980).

EN GALICIA, GONZÁLEZ LAXE COMEZA EN 1987 A APROXIMACIÓN DE GALICIA ÁS INSTITUCIÓNS EUROPEAS.

EN 1986, LUÍS BRAGA DA CRUZ SUCEDE A VALENTE DE OLIVEIRA NA PRESIDENCIA DA CCDR-N.

O 1 DE FEBREIRO DE 1990, MANUEL FRAGA, COMO PRESIDENTE DA XUNTA, VISITA O PORTO POR INVITACIÓN DO FORUM PORTUCALENSE, PARA DEBATER TEMAS DE INTERESE DAS REXIÓNS CON LUÍS BRAGA DA CRUZ.

O 31 DE OUTUBRO DE 1991, ASÍNASE O ACORDO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE DE TRABALLO, E CON EL COMEZA UNHA ÉPOCA DE CONSOLIDACIÓN DA COMUNIDADE DE TRABALLO CON FRAGA IRIBARNE DURANTE OS 12 ANOS QUE DUROU A SÚA PRESIDENCIA DA XUNTA.

ENTREMENTRES, EN 1990, A COMISIÓN EUROPEA CREA O PROGRAMA INTERREG PARA A COOPERACIÓN TERRITORIAL E TRANSFRONTEIRIZA A NIVEL EUROPEO CO FIN DE FINANCIAR O DESENVOLVEMENTO REXIONAL. ESTE PROGRAMA NACE CO OBXECTIVO DE AVANZAR NA INTEGRACIÓN EUROPEA ELIMINANDO AS FRONTEIRAS. INTERREG FOI CLAVE NO DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN E DAS EURORREXIÓN, IMPULSADAS E DINAMIZADAS POR ESTRUTURAS COMO O EIXO ATLÁNTICO.

1990-1993
INTERREG I

1994-1999
Co-Financiado
pelo Interreg II

2000-2006
Portugal-España
Cooperación Transfronteriza
INTERREG III A
SUBPROGRAMA NORTE DE PORTUGAL - GALIZA

2007-2013
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA

2014-2020

Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Rexional

2021-2026

Interreg
España - Portugal
Co-financiado por
la Unión Europea
Co-financiado pela
União Europeia

EN TODO ESTE PROCESO, DESEMPEÑARON UN PAPELO FUNDAMENTAL OS RESPONSABLES DE INTERREG, QUE DESDE MADRID ATA LISBOA APOIARON AS INICIATIVAS E CONTRIBUÍRON A QUE A ANTIGA FRONTEIRA SEXA O QUE É HOXE, UN LUGAR DE COOPERACIÓN, CONVIVENCIA E DESENVOLVEMENTO.



COA ADHESIÓN DE ESPAÑA E PORTUGAL AO TRATADO DE SCHENGEN, EN 1991 DESAPARECEN UNHAS FRONTEIRAS QUE, MÁIS QUE SEPARAR, SEMPRE UNIRON. A COMUNICACIÓN É AGORA AÍNDA MÁIS FLUÍDA, E CADA VEZ É MÁIS COMÚN VIVIR A UN LADO DA FRONTEIRA E TRABALLAR NO OUTRO. A CHEGADA DO EURO NO 2002 SIMPLIFICA A VIDA DE MILES DE PERSOAS QUE CADA DÍA ATRAVESAN A FRONTEIRA EN AMBOS OS SENTIDOS. A ÚLTIMA FRONTEIRA CAE NO 2017, COA ELIMINACIÓN DO ROAMING.



ÁLVARO SIZA VIEIRA E EDUARDO SOUTO DE MOURA, DOUS ARQUITECTOS DO NORTE DE PORTUGAL, FORON GALARDOADOS CO QUE SE CONSIDERA O «PREMIO NOBEL DE ARQUITECTURA»: O PREMIO PRITZKER, OUTORGADO POLA FUNDACIÓN ESTADOUNIDENSE HYATT. ÁLVARO SIZA VIEIRA RECIBIU NO 2008 O PRIMEIRO PREMIO NACIONAL DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA POLO PROXECTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VIANA DO CASTELO, PREMIO ATRIBUÍDO POLA ASOCIACIÓN NACIONAL DE MUNICIPIOS CON CENTRO HISTÓRICO. O CENTRO CULTURAL DE VIANA DO CASTELO FOI DESEÑADO POLO ARQUITECTO EDUARDO SOUTO MOURA, E INSÍRESE NUNHA NOVA ZONA DA CIDADE QUE TAMÉN INCLÚE OS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS E A PRAZA DA LIBERDADE, DO ARQUITECTO FERNANDO TÁVORA.




A ANTIGA FÁBRICA DE CONSERVAS ALCABRE MOLINO DE VIENTO CONVERTEUSE NO MUSEO DO MAR DE GALICIA HAI CASE 20 ANOS. ESTE FOI UN DOS ÚLTIMOS PROXECTOS (E O ÚNICO EN ESPAÑA) DO FALECIDO ARQUITECTO ALDO ROSSI, GALARDOADO CO PREMIO PRITZKER EN 1990, ASINADO EN COLABORACIÓN CO GALEGO CÉSAR PORTELA (PREMIO NACIONAL DE ARQUITECTURA).

O CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (1988-93), ENCARGADO AO ARQUITECTO SIZA VIEIRA POLA XUNTA DE GALICIA, TEN A PARTICULARIDADE DE SER UNHA INTERVENCIÓN NUN CONTEXTO MOI SINGULAR: A ZONA HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. A SEGUNDA GRANDE OBRA DE SIZA NA CIDADE, A FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN (1992-2000), SÍTÚASE NUNHA ZONA DE RECENTE URBANIZACIÓN.



A CASA DA MÚSICA, CONSTRUÍDA NA ZONA DA BOAVISTA DA CIDADE DO PORTO, FOI ASINADA POLO ESTUDIO DE REM KOOLHAAS, ARQUITECTO NEERLANDÉS QUE FOI GALARDOADO CO PREMIO PRITZKER NO ANO 2000.

A DOMUS, UN MUSEO DAS CIENCIAS DEDICADO AO HOME E SITUADO NA CORUÑA, É UN DOS EDIFICIOS MÁIS FAMOSOS DOS DESEÑADOS POR ARATA ISOZAKO, GAÑADOR DO PRITZKER NO 2019, EN COLABORACIÓN CON CÉSAR PORTELA.



NOS MOMENTOS DIFÍCILES VISIBILÍZASE A SOLIDARIEDADE
TRANSFRONTEIRIZA GALEGO-PORTUGUESA...




AFUNDAMENTO DO
PRESTIGE



VAGAS DE
INCENDIOS



DERRUBAMENTO DA PONTE
DE CASTELO DE PAIVA



DESDE NOVEMBRO DO 2005, ACÓRDASE A CREAÇÃO DE
CENTROS DE COOPERACIÓN POLICIAL E ALFANDEGUEIRA,
QUE TRANSFORMARÁ AS ANTIGAS COMISARIAS CONXUNTAS,
NAS QUE OS CORPOS DE SEGURIDADE GALEGOS E
PORTUGUESES COLABORAN PARA PREVER CONFLITOS.

ENTREMENTRES, NO MUNDO...

DESAPARICIÓN DA URSS

CAÍDA DO MURO DE BERLÍN



GUERRA DE IRAQ



CRISE ECONÓMICA DO 2008




CRISE DOS REFUXIADOS



BREXIT



ATA QUE ACONTECEU O INIMAXINABLE E AS FRONTEIRAS, QUE PARECIÁN DESAPARECIDAS, REGRESARON.



...LA SITUACIÓN ES GRAVE Y TENEMOS QUE ACTUAR CON DETERMINACIÓN Y MÁXIMA DISCIPLINA SOCIAL... PROTEGIENDO LA SALUD PÚBLICA...



PEDRO SÁNCHEZ

... SÓ XUNTOS PODEREMOS CONSTRUIR A UNIÓN DO MAÑÁ...



URSULA VON DER LEYEN

...UNIDOS VENCEREMOS A PANDEMIA E A CRISE QUE ELA GEROU...



ANTÓNIO COSTA

NON FALTARON PROTESTAS VECIÑAIS E INSTITUCIONAIS POLAS DIFICULTADES QUE O CERRAMENTO, AÍNDA QUE TEMPORAL, SUPUÑA A AMBOS OS LADOS DA RAIA...



O QUE DEMOSTRA A REALIDADE INCUESTIONABLE DE QUE O NORTE DE PORTUGAL E GALICIA SOMOS UN ESPAZO ÚNICO DE VIDA EN COMÚN.

PERO A PANDEMIA NON FOI O ÚNICO NIN O ÚLTIMO ACONTECEMENTO QUE CAMBIOU AS NOSAS VIDAS. CANDO XA CRIAMOS QUE O MUNDO APRENDERA QUE SOLO EVOLUCIONARÍAMOS APOSTANDO POLA INVESTIGACIÓN E A SOLIDARIEDADE, UNHA NOVA CRISIS ECONÓMICA DERIVADA DA PROPIA PANDEMIA VOLVEU A POÑERNOS A PROBA. E, CANDO ESTABAMOS POÑENDO A PROBA A NOSA RESILIENCIA E O APRENDIDO NA CRISIS ECONÓMICA DE 2008, DOUS PROCESOS BÉLICOS VOLVERON A ALTERAR O PLANETA: A INVASIÓN RUSA DE UCRANIA E O XENOCIDIO PERPETRADO POLO GOBERNO DE NETANYAHU EN GAZA. DÚAS CRISES QUE NON SOLO AFECTA Á ECONOMÍA, SENÓN QUE CUESTIONAN O PAPEL DA UNIÓN EUROPEA NA ESCENA INTERNACIONAL, E TODO ISTO NUN ESCENARIO EUROPEO QUE VE O CRECEMENTO DA EXTREMA DEREITA, INCLUSO CHEGA A SENTARSE NO CONSELLO DA UNIÓN. QUIZÁS POR TODO ISTO, HOXE A UNIÓN EUROPEA E OS SEUS PRINCIPIOS FUNDACIONAIS SON MÁIS NECESARIOS QUE NUNCA, E POR ISO TRABALLAMOS CADA DÍA NO EIXO ATLÁNTICO.

MIREMOS AO FUTURO UNIDOS!




V

HISTORIA DO EIXO ATLÁNTICO (1992 - 2026)



TEXTOS: EQUIPO DE REDACCIÓN EIXO ATLÁNTICO
IMAXES: NORBERTO FERNÁNDEZ



O 19 DE FEBREIRO DO 2015, FELIPE VI, REI DE ESPAÑA, E CAVACO SILVA, PRESIDENTE DA REPÚBLICA PORTUGUESA, PRESIDEN NA CORUÑA A CLAUSURA DA XXIII ASEMBLEA DO EIXO ATLÁNTICO. POR PRIMEIRA VEZ EN EUROPA, DOUS XEFES DE ESTADO PRESIDEN UNHA XUNTANZA DE REPRESENTANTES DA CIDADANÍA DE DOUS PAÍSES NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN.



DOUS ANOS MÁIS TARDE, NO 2017, ANTÓNIO COSTA, PRIMEIRO MINISTRO DE PORTUGAL, PRESIDE EN BRAGA A CERIMONIA CONMEMORATIVA DOS 25 ANOS DO EIXO ATLÁNTICO.



TODO COMEZOU HAI XA 34 ANOS, CANDO A COMISIÓN EUROPEA IMPULSOU AS POLÍTICAS DE COOPERACIÓN CO INSTRUMENTO FINANCIERO INTERREG.



ASÍ NACERON AS EURORREXIÓN, ENTRE AS CALES A DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DESEMPEÑARON UN PAPEL DE LIDERADO NO SEU MOMENTO.




EIXO ATLÁNTICO
O NOROCCIDENTE PENINSULAR



FERNANDO GOMES, ALCALDE DO PORTO, IMPULSA EN 1992 A CREAÇÃO DO EIXO ATLÁNTICO, QUE SE MATERIALIZA NO TRATADO DE VIANA, CANDO 13 CIDADES ASINAN A CARTA FUNDACIONAL EN VIANA DO CASTELO, NUNHA PRESIDENCIA ABERTA DA REPÚBLICA PORTUGUESA CO ALTO PATROCINIO DO PRESIDENTE DA REPÚBLICA, MÁRIO SOARES.




FERNANDO GOMES



MÁRIO SOARES


EN 1995, O ALCALDE DE VIGO, MANUEL PÉREZ, FORMA TÁNDEM CON FERNANDO GOMES E CONSOLIDA O EIXO ATLÁNTICO COA CREAÇÃO DUNHA ESTRUTURA PERMANENTE. O QUE ATA DAQUELA FORA UN PROCESO DE XERACIÓN DUN LOBBY POLÍTICO, CONVÉRTESE NUNHA AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO EURORREXIONAL QUE IMPULSA A PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NA CONSTRUCCIÓN DA EURORREXIÓN SEN DEIXAR A SÚA FACETA DE LOBBY.




MANUEL PÉREZ

FERNANDO GOMES


EN 1993, O EIXO ATLÁNTICO CONFIGURA O ÚNICO SISTEMA URBANO DUNHA EURORREXIÓN EN EUROPA, CUNHA ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN PERMANENTES. DISPÓN DE SEDES NO PORTO, EN VIGO E EN BRUSELAS.




AO LONGO DESTES 30 ANOS, NUMEROSOS ALCALDES DE TODOS OS PARTIDOS DESENVOLVERON E CONSOLIDARON O QUE CONSTITÚE UN EXEMPLO CLARO DE ÉXITO EN EUROPA.



O EIXO ATLÁNTICO CONFIGUROUSE NESTES 30 ANOS COMO UN DOS PRINCIPAIS THINK TANKS EUROPEOS, E O ÚNICO DE CARÁCTER TRANSFRONTEIRIZO CON MÁIS DE 150 ESTUDOS E PUBLICACIÓNS SOBRE TODOS OS ÁMBITOS DA COOPERACIÓN, INTRODUCINDO ELEMENTOS INNOVADORES QUE HOXE XA FORMAN PARTE DE TODAS AS POLÍTICAS EUROPEAS: NO 2005 IMPULSA A AXENDA 21 EN TODAS AS CIDADES QUE FORMAN PARTE DO EIXO; EN 1996 ELABORA O PRIMEIRO ESTUDO ESTRATÉXICO DA EURORREXIÓN, E NOVE ANOS MÁIS TARDE, NO 2005, O SEGUNDO. NO 2015 ELABORA A PRIMEIRA AXENDA URBANA TRANSFRONTEIRIZA DE EUROPA.



EN PARALELO, DESENVOLVE UNHA FUNCIÓN DE LOBBY POLÍTICO QUE ABARCA DESDE A DEFENSA DOS INVESTIMENTOS E FONDOS EUROPEOS PARA A EURORREXIÓN E PARA AS CIDADES DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL, ATA A INCLUSIÓN DAS PRIORIDADES DO NOSO TERRITORIO NOS REGULAMENTOS E NAS NORMATIVAS COMUNITARIAS, OU A DEFENSA DOS INTERESES DOS CIDADÁNS CANDO ESTES ESTÁN EN RISCO.




DURÃO BARROSO, PRESIDENTE DA COMISIÓN EUROPEA (2004-2014).



MANUEL CABEZAS, LOYOLA DE PALACIO (VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN EUROPEA) E XOÁN VÁZQUEZ MAO.



MANUEL CABEZAS, MICHEL BARNIER (COMISARIO EUROPEO) E RUI RIO.




XOÁN VÁZQUEZ MAO, O PRESIDENTE DE CITY TWINS E PIERRE MAUROY (EX PRIMEIRO MINISTRO DE FRANCIA).


ASÍ, NO 2015, O EIXO ATLÁNTICO LANZA A CAMPAÑA EN COLABORACIÓN COAS TRES ORGANIZACIÓNS DE CONSUMIDORES DE EUROPA, E EN APOIO DA COMISIÓN E DO PARLAMENTO EUROPEO, PARA A ELIMINACIÓN DO ROAMING TELEFÓNICO. O 15 DE XUÑO DO 2017, OS CIDADÁNS EUROPEOS DEIXAMOS DE PAGAR O ELEVADO CUSTO QUE ANTES SUPUÑA FALAR POR TELÉFONO OU NAVEGAR POR INTERNET NOUTRO PAÍS DA UNIÓN EUROPEA.



NO 2005, CANDO RENFE E COMBOIOS DE PORTUGAL ANUNCIAN O PECHE DA LIÑA FERROVIARIA O PORTO-VIGO, O EIXO ATLÁNTICO INICIA UNHA CAMPAÑA DE PRESIÓN SOBRE OS GOBERNOS DE ESPAÑA E PORTUGAL QUE REMATA COA POSTA EN SERVIZO EN MAIO DO 2020.



NO 2018, O EIXO ATLÁNTICO INSÍSTELLE AO GOBERNO ESPAÑOL E Á COMISIÓN EUROPEA PARA QUE GALICIA SE INCLÚA NO CORREDOR FERROVIARIO EUROPEO DO ATLÁNTICO.




ALFREDO GARCÍA

CARLO SECCHI

CARLO DE GRANDIS

NO 2011, O GOBERNO DE PORTUGAL, INMERSO NUNHA FORTE CRISE QUE SUPUXO O RESCATE FINANCEIRO DO PAÍS POR PARTE DA TROIKA (BCE, CE, FMI), DECIDE IMPLANTAR PEAXES NAS AUTOVÍAS —ATA O MOMENTO GRATUÍTAS— MEDIANTE UN SISTEMA TAN COMPLEXO QUE O PAGAMENTO RESULTABA IMPOSIBLE PARA CALQUERA PERSOA NON PORTUGUESA. ISTO PROVOCOU UNHA CAÍDA BRUTAL DO TURISMO E DOS SERVIZOS NA PARTE DA REXIÓN NORTE MÁIS PRÓXIMA A GALICIA, O QUE ENGADIU UN NOVO PROBLEMA Á CRISE ECONÓMICA. O EIXO ATLÁNTICO INICIOU UNHA CAMPAÑA DE PRESIÓN SOBRE O GOBERNO PORTUGUÉS QUE CONDUCIU Á SOLUCIÓN DO PROBLEMA MEDIANTE A PROPOSTA QUE O PROPIO EIXO ATLÁNTICO REALIZARA: A HOMOLOGACIÓN DOS DISPOSITIVOS DE PAGAMENTO ESPAÑOIS EN PORTUGAL E VICEVERSA.



MAIS UNHA EURORREXIÓN NON SE CONSTRÚE SEN A CIDADANÍA. POR ISO O EIXO ATLÁNTICO DESENVOLVE UN AMPLO PROGRAMA COPARTICIPADO E UTILIZADO POLO CONXUNTO DOS CIDADÁNS DA EURORREXIÓN.





Xogos do
Eixo Atlántico

OS XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, QUE SE DESENVOLVEN CADA DOUS ANOS DESDE HAI 27 ANOS, PERMITEN XUNTAR NA CIDADE QUE OS ACOLLE MÁIS DE 2000 MOZOS E MOZAS QUE CONVIVEN A TRÁVÉS DA PRÁCTICA DO DEPORTE, NO QUE CONSTITÚE UN CASO ÚNICO EN EUROPA DE PARTICIPACIÓN MASIVA DA XUVENTUDE NUN EVENTO ORGANIZADO COOPERATIVAMENTE POLAS CIDADES.



PERO O DEPORTE DE BASE TAMÉN TEN OUTRAS VARIANTES NO EIXO ATLÁNTICO, E ASÍ, ACTUALMENTE, A CORUÑA ACOLLE O TORNEO DE HÓCKEY, VILA NOVA DE GAIA, O DE TAEKWONDO, E O CARBALLIÑO, O DE FÚTBOL INFANTIL. NO PASADO, LALÍN ACOLLEU O DE BALONMÁN, E VILA NOVA DE GAIA, O DE VOLEIBOL-PRÁIA.

A EDUCACIÓN E A CULTURA SON ELEMENTOS DETERMINANTES PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PROXECTO SOCIAL EUROPEO NA EURORREXIÓN. DURANTE A CAPITALIDADE DA CULTURA, QUE SE CELEBRA CADA DOUS ANOS, PROGRAMÁNSE NUMEROSOS EVENTOS NA CIDADE ESCOLLIDA COMO SEDE. PRETÉNDESE AMOSAR O MELLORA DA CULTURA DO NOSO TERRITORIO E DOS SEUS CREADORES.



CAPITAL DA CULTURA
EIXO ATLÁNTICO




A BIENAL DE PINTURA FOMENTA A CREAÇÃO, O COÑECEMENTO E A DIFUSIÓN DO TRABALLO DOS CREADORES DA EURORREXIÓN E PREMIA AS SÚAS MELLORES OBRAS.




O EVENTO DA MOSTRA MUSICAL IMPULSA E PROMOCIONA OS INTÉRPRETES NOVOS DO TERRITORIO, POIS SEN A PROMOCIÓN DA CULTURA E A EDUCACIÓN, NON SE PODEN XERAR PROXECTOS DE CIDADANÍA RESPONSABLE E SOLIDARIA.




OUTRO DOS ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES É O TURISMO, MOTOR DE ECONOMÍA, EMPREGO E CALIDADE DE VIDA. ENTRE AS MEDIDAS PRINCIPAIS QUE IMPULSA O EIXO ATLÁNTICO ESTÁ EXPOCIDADES, FEIRA DO TURISMO DE PROXIMIDADE QUE PON EN VALOR A INMENZA RIQUEZA E PATRIMONIO DUNHA EURORREXIÓN QUE TEN NUEVE DECLARACIÓN DE PATRIMONIO DA HUMANIDADE DA UNESCO.



NO ÁMBITO DO TURISMO, O EIXO ATLÁNTICO VALORIZOU A RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS DE SANTIAGO.




TAMÉN ACTUOU NA DEFENSA DAS INFRAESTRUTURAS, ESPECIALMENTE FERROVIARIAS E POR ESTRADA, CO IMPULSO AO FERROCARRIL, TANTO NA EURORREXIÓN COMO NA SÚA CONEXIÓN CO RESTO DE EUROPA MEDIANTE O CORREDOR DO ATLÁNTICO, IMPULSANDO A COORDINACIÓN DOS PORTOS E DOS AEROPORTOS E APOSTANDO POLAS INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS.



AO LONGO DESTES ANOS, O EIXO ATLÁNTICO RECOÑECEU COAS SÚAS MEDALLAS AS PERSONALIDADES QUE DEDICARON O SEU TRABALLO E A SÚA VIDA Á DEFENSA DA EURORREXIÓN E DA COOPERACIÓN, E TAMÉN FOI DISTINGUIDO POR OUTRAS ENTIDADES.





OITO CIDADES
DISPOÑEN DE ESPAZOS
URBANOS DEDICADOS AO
EIXO ATLÁNTICO.

VILA NOVA
DE GAIA

VILA NOVA
DE FAMILIÇÃO

OURENSE

MATOSINHOS

LUGO

BRAGA

VIANA DO
CASTELO

BRAGANÇA

O EIXO ATLÁNTICO DESENVOLVE A SÚA ARQUITECTURA ESTRATÉXICA CO PROPÓSITO DE ARTICULAR E TIRAR O MÁXIMO BENEFICIO DAS SÚAS ACCIÓNS DE LOBBY, TANTO NO NIVEL NACIONAL COMO NO COMUNITARIO.

NA ACTUALIDADE, O EIXO ATLÁNTICO IMPULSA DÚAS REDES EUROPEAS, UNHA A ESCALA TERRITORIAL (C4C) PARA DEFENDER AS PARTICULARIDADES DAS CIDADES PERIFÉRICAS NAS POLÍTICAS EUROPEAS, E OUTRA (EPICAH) CENTRADA NO TURISMO DE FRONTEIRA COMO FONTE DE RIQUEZA E MECANISMO DE CONSERVACIÓN DO RICO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL EUROPEO.



RIVERA JUNTOS
SIN FRONTERAS CONSTRUIMOS
FUTURO





ADEMAIS, O EIXO LIDERA DIVERSAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA POLÍTICA URBANA, ENTRE AS QUE DESTACA O PROXECTO EURE, DIRIXIDO A MELLORAR O FINANCIAMENTO DAS CIDADES MEDIAS E PEQUENAS PARA O DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE, E O RECENTE INICIO DOS TRABALLOS DE COOPERACIÓN CON FRONTEIRAS DO MERCOSUR PARA ASESORALAS NA ELABORACIÓN DE AXENDAS URBANAS.



EURE
Interreg Europe



OBSERVATORIO
de FRONTERAS
Brasil Uruguay









Víctor Rodríguez Muñiz

Daniel Docampo

*<https://www.facebook.com/DaniDocampoArtist>
<https://www.instagram.com/dani-docampo/?hl=hi>*



Daniel Correia

*<https://www.artstation.com/danielcorreia>
https://www.instagram.com/danielcorreia_art/*

Martim Cordovill

*@ceruleancrocodile
artstation.com/martimcordovill*



Norberto Fernández

<https://www.facebook.com/norberto.fernandez.311>

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal



**EIXO ATLÁNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR**

